

# 1 RELATORIO DA XVIII ASEMBLEA NACIONAL

## 2 TESE POLÍTICA

### 3 INTRODUCCIÓN

4 A XVIII Asemblea Nacional do Bloque Nacionalista Galego ten lugar nun contexto tan  
5 complexo como aberto. Un contexto marcado, dunha banda, pola agudización dos  
6 problemas que padece Galiza nun cadro de situación xeral definido por un Goberno galego  
7 impotente en mans do Partido Popular e de costas aos intereses do pobo galego; por  
8 unha vaga reaccionaria e recentralizadora no Estado alentada pola dereita  
9 ultraespañolista; e tamén por un crecente belicismo e a radicalización do imperialismo no  
10 ámbito internacional. E por outra, polo avance imparábel da alternativa transformadora  
11 que representa o nacionalismo galego, tanto no ámbito electoral como no social. Os  
12 vindeiros anos teñen como principal repto e tarefa, precisamente, robustecermos inda  
13 máis o propio BNG como o proxecto político de todas as galegas e galegos que aspiran a  
14 facer realidade a nova Galiza que colectivamente arelamos.

15 Unha Galiza que poida desenvolver plenamente as súas capacidades e potencialidades,  
16 que xere riqueza e emprego digno en favor do desenvolvemento do propio País, poñendo  
17 fin á expulsión de millares de mozas e mozos á emigración. Unha Galiza socialmente  
18 xusta fronte ao crecente empobrecemento que castiga a maioría social que representan  
19 as clases populares e traballadoras. Unha Galiza igualitaria, que teña a axenda feminista  
20 como unha prioridade e que continúe a avanzar no recoñecemento de dereitos do  
21 colectivo LGBTQ+. Unha Galiza que poña fin ao espolio colonial e depredador dos nosos  
22 recursos para comezar a abrir un futuro sustentábel a nivel ecolóxico cunha transición  
23 galega e xusta. Unha Galiza que reverta as políticas galegóforas que afogan  
24 deliberadamente o noso idioma e lateralizan, a nivel institucional, a nosa vizosa cultura.  
25 Unha Galiza orgullosa e dona de si, que rompa o marco de dependencia que nos impón o  
26 actual encadramento no Estado español e na Unión Europea, cun novo status político e un  
27 modelo de concerto económico, que permitan o desenvolvemento efectivo do  
28 autogoberno con rumbo á plena soberanía nacional e a construción da República da Galiza.  
29 No concreto, cómpre seguir avanzando na consolidación do crecente apoio e simpatía  
30 social cara ao nacionalismo, que temos que lograr converter nun alargamento da forza  
31 municipal do BNG de cara aos comicios de 2027, como un novo chanzo para  
32 fortalecermos o BNG como alternativa de Goberno e logramos liderar o País e disputar a  
33 hexemonía política e social.

34 Un proceso que, para alén da nosa acción institucional, precisa de seguir a intensificar o  
35 traballo social, de axitación e de mobilización, para empurarmos desde abaixo, coa forza  
36 da xente, a mudanza que a Galiza merece e necesita. Para o que é fulcral seguirmos a  
37 fortalecer a propia organización, para a facer inda máis actuante e mellor implantada no  
38 territorio, na certeza de que os avances atinxidos até o momento foron un grande logro  
39 colectivo dun grande proxecto común, con 42 anos de historia e alicerzado no principio  
40 irrenunciábel da autoorganización do pobo galego, que ten na súa militancia, nos millares  
41 de mulleres e homes que fixeron, fan e farán parte do BNG, a súa espiña dorsal.

42

### 43 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA GALIZA

## 1 1.1. CONTEXTO XERAL

2 Galiza é grande país cun pobo traballador capaz de facer grandes cousas. É indiscutíbel  
3 que contamos con recursos e capacidade suficientes para ofrecer ás xeracións presentes  
4 e futuras unhas condicións de vida dignas e as maiores cotas de benestar.

5 Porén, se isto non acontece é debido á situación de dependencia política e económica a  
6 que nos relegou o Estado español e nomeadamente o sistema político saído da  
7 Constitución de 1978, un marco xurídico e político que non recoñeceu a Galiza como  
8 nación nin o seu dereito á autodeterminación e que se fundamentou nunha  
9 descentralización fundamentalmente administrativa e en pór os recursos e a riqueza do  
10 noso país ao servizo de intereses e elites alleas.

11  
12 Se botamos a ollada atrás e pensamos na Galiza dos anos oitenta, vemos como o noso  
13 país leva catro décadas arrastrando problemas estruturais que lastran as nosas  
14 oportunidades e, aínda peor, as condicións materiais de vida dunha boa parte da  
15 poboación. A emigración, especialmente xuvenil, a perda de peso demográfico, a  
16 evolución da estrutura económica e produtiva do País –cada vez máis terciarizado e  
17 menos produtivo– ou a falta de cohesión social e territorial, non son cuestións novas  
18 senón problemas estruturais aos cales o marco autonómico, sempre considerado como  
19 un corsé polo nacionalismo galego, non foi quen de dar solución, pois tampouco foi  
20 deseñado para iso. Máis ao contrario, as decisións políticas adoptadas ao longo deste  
21 tempo polos sucesivos gobernos españois –en combinación coas políticas deseñadas  
22 desde as institucións europeas– e tamén do Partido Popular desde a Xunta da Galiza,  
23 viñeron a agravar moitos deses problemas.

24 Cómpre salientar no contexto actual que Galiza volveu pasar dunha posición de  
25 irrelevancia política a outra en que é utilizada como campo de batalla entre as forzas  
26 políticas estatais. Un escenario agudizado por un PP na Galiza máis servil e subsidiado ao  
27 centralismo do que nunca. Na vez de exercer as limitadas e limitantes competencias que  
28 ten a Xunta da Galiza, o actual partido no goberno renega mesmo delas, pregándose á  
29 estratexia partidista e electoralista da súa dirección española. Sirva de exemplo o debate  
30 sobre un novo sistema de financiamento onde o Partido Popular na Xunta se nega mesmo  
31 a negociar co Goberno español unha simple mellora para o noso país toda vez que desde  
32 Madrid se lle ordenou non facelo.

33 Galiza é a día de hoxe para o PP unha palabra sen contido, apenas un lugar máis no que  
34 favorecer o enriquecemento de lobbies empresariais a costa dos nosos recursos e  
35 patrimonio.

36 Porén, non é nada novo. As forzas centralistas, aliadas con elites foráneas ou autóctonas,  
37 levan anos pondo os recursos e a riqueza do pobo galego ao servizo da rapina. Impuxeron  
38 para o noso país un modelo económico depredador e extractivista que non só espolia os  
39 nosos recursos senón que destrúe o territorio e, con el, o noso medio de vida. Un exemplo  
40 claro disto son os centos de parques eólicos proxectados ao longo e largo do noso país  
41 (tanto en terra coma no mar). Un boom eólico depredador que ameaza sectores  
42 produtivos fundamentais da nosa economía como o agrogandeiro e o pesqueiro. Neste  
43 contexto, mentres Galiza exporta, xa hoxe, unha media anual do 40% da electricidade que

1 produce o pobo galego non se beneficia en absoluto desa riqueza, máis ao contrario, ao  
2 longo destes anos vimos como se destruíu tecido produtivo, económico e industrial  
3 mentres se obrigaba as galega e galegos a pagar unha das facturas da luz máis caras de  
4 Europa. Do mesmo xeito, o proxecto de construción dunha megacelulosa na comarca da  
5 Ulloa, impulsado pola multinacional portuguesa Altri coa complicidade do Partido Popular  
6 na Xunta da Galiza representa proxectos que nada teñen a ver co desenvolvemento social  
7 e económico da Galiza nin cunha suposta transición verde, máis ecolóxica, senón que  
8 representan a mesma política colonial de sempre.

9  
10 E mentres uns poucos se enriquecen a conta dos recursos de todos, as maiorías sociais  
11 galegas acusan unha desigualdade cada vez maior. Na actualidade, nin sequera contar  
12 cun posto de traballo garante, en moitos casos, un salario suficiente para facer fronte aos  
13 gastos diarios. Un empobrecemento agravado polo encarecemento do custo da vivenda  
14 que situou este dereito fundamental nun dos principais elementos de especulación  
15 agudizada pola falta de vivenda social e tamén a turistificación descontrolada en moitas  
16 zonas do país. Neste senso, nos últimos 10 anos o prezo medio do metro cadrado de  
17 vivenda en alugueiro disparouse na Galiza nun 50% e máis dunha cuarta parte dos fogares  
18 galegos dedican máis de 30% dos ingresos a pagar o aluguer, algo que se agrava no caso  
19 da mocidade impedindo á maior parte das mozas e mozos galegos emanciparse e  
20 desenvolver un proxecto de vida autónomo.

21 Porén, se hai un ámbito no cal que son especialmente evidentes as lesivas consecuencias  
22 da falta de soberanía combinada con políticas antigalegas é a lingua. A situación da  
23 lingua é un reflexo do estado da nación. A subordinación e secundarización do galego  
24 consagrada na Constitución reforzouse nos últimos anos coa política agresiva contra o  
25 idioma da Galiza promovida desde a Xunta da Galiza e o PP e cuxos resultados están á  
26 vista. O decreto contra o galego de 2010, a limitada oferta de materiais didácticos noso  
27 idioma ou a ausencia maioritaria en actividades e lecer infantil e xuvenil, explica por que  
28 hoxe 32,4% de persoas entre 5 e 14 anos –de escolarización obrigatoria– din, segundo o  
29 IGE, saber falar pouco ou nada de galego. Se a isto engadirmos que só 0,6% dos xoguetes  
30 teñen contidos en galego, que a oferta audiovisual infantil en galego é 0,9% do total, a  
31 ausencia de oferta positiva na administración, un uso inferior a 1% na xustiza, os límites  
32 para comercializar en galego, a exclusión da información, locucións, sinalización ou  
33 etiquetaxe no ámbito socioeconómico e ausencia de mínima presenza, oferta e  
34 dispoñibilidade, explicámonos a tendencia negativa de uso do noso idioma.

35 A nosa lingua propia carece dun apoio efectivo por parte da administración galega, para  
36 alén de actuacións de escaso alcance, que insiste mesmo no incumprimento da Lei de  
37 Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e mantén  
38 unha política submisa cun Estado español que teima na exclusión legal do galego baixo  
39 unha aparencia de recoñecemento formal, como evidencia a falta de requisito de  
40 coñecemento de galego ao seu funcionariado (incluídos xuíces, fiscais, policía ou  
41 militares) na Galiza ou a negativa a cumprir coa emisións mínimas en galego en RTVE  
42 contempladas na lexislación.

43 Todos os factores enumerados, e outros adicionais, acaban por converxer no deseño  
44 dunha situación que impide que a lingua galega poida desenvolverse con plena  
45 normalidade en todos os aspectos e actividades da vida social do noso país, o que se  
46 traduce nunha perda inducida do seu número de falantes e utentes, como reflectiu o

1 censo de 2021 elaborado polo INE, en que, por vez primeira, o español era a lingua máis  
2 utilizada na Galiza e con datos tan preocupantes como que o 7,6% das persoas menores  
3 de 20 anos afirman non poder falar "nada" de galego e outro 21,7% que di poder utilizalo  
4 con dificultade, facendo que apenas arredor de 30% da mocidade galega utilice a súa  
5 lingua propia "sempre" ou "frecuentemente" coa súa familia ou amizades. Nese mesmo  
6 sentido, o censo de 2021 recollía que no ámbito laboral o español é o idioma de uso  
7 habitual en 63%.

8  
9 É por iso que o nacionalismo galego sempre sinalou a necesidade de gobernar a Xunta da  
10 Galiza para reverter esta situación, pondo o poder autonómico galego ao servizo dos  
11 intereses da Galiza e das maiorías sociais do noso país, mais tamén resulta  
12 imprescindible, e por iso reiteramos hoxe, a necesidade de superarmos o actual marco  
13 político para dotar Galiza das ferramentas necesarias con que pór fin ás consecuencias  
14 desta dependencia. Camiñar cara á unha Galiza plenamente soberana, con capacidade  
15 para decidir sobre todos os ámbitos que afectan ás nosas vidas non son palabras ocas  
16 senón a única vía posíbel para garantir os nosos dereitos nacionais e sociais e unhas  
17 condicións de vida dignas para o pobo galego.

18 No contexto actual, a posición do Bloque Nacionalista Galego amosouse como a única  
19 alternativa real aos problemas do País ofrecendo alternativas realistas e transformadoras  
20 para mellorar as condicións de vida das galegas e galegos indo ás causas que provocan a  
21 situación socioeconómica que acabamos de describir.

22 É por iso que resulta fundamental popularizar a nosa alternativa en ámbitos cruciais para  
23 o presente e o futuro da Galiza como un novo modelo de financiamento baseado no  
24 sistema de concerto que nos dea a chave dos nosos cartos; a creación dunha banca  
25 pública galega e dunha tarifa eléctrica galega que nos permitan pór os aforros e a riqueza  
26 eléctrica do País ao servizo do seu desenvolvemento social, económico e industrial; a  
27 recuperación, o impulso e a modernización dos nosos sectores produtivos, quer  
28 tradicionais como o agrogandeiro, a pesca, o naval ou a automoción, quer outros novos en  
29 que Galiza pode e debe ser vangarda, como a I+D+i; a blindaxe dos servizos públicos  
30 esenciais, a comezar pola sanidade, a educación e os coidados; a loita contra a  
31 emerxencia climática e a violencia machista, a vertebración do territorio ou o impulso dun  
32 modelo de desenvolvemento enerxético e industrial verdadeiramente xusto, sustentábel e  
33 ao servizo do pobo galego.

#### 34 **A situación das mulleres galegas ante o rearme do machismo**

35 A realidade das mulleres galegas require dunha diagnose específica que analice o reforzo  
36 do patriarcado neste contexto histórico. Así, despois dunha fase de grandes mobilizacións  
37 feministas, na cal avanzou a hexemonía social de posicións de avance no combate da  
38 desigualdade e se forzaron cambios legais e medidas de distinta índole, atopámonos nun  
39 momento de rearme do machismo. Podemos velo no fortalecemento da manófera ou na  
40 normalización de posicións e decisións retrógradas no ámbito social ou institucional, con  
41 consecuencias que agravan a desigualdade.

42 A concatenación de crises tivo e ten consecuencias intensas nas mulleres galegas, que  
43 seguen a ter, en termos globais, peores indicadores no ámbito económico, agravándose  
44 nalgún caso. Así, a fenda salarial incrementouse no ano 2022; continúa a

1 sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e a infrapresenza nos  
2 de maiores ingresos; aínda que aumentou a poboación feminina ocupada hai unha  
3 terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do  
4 emprego feminino. Podemos afirmar que a última reforma laboral non fixo máis que  
5 afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres. Ademais, aumenta a  
6 desigualdade das pensións e todos estes factores fan que permaneza a situación de  
7 feminización da pobreza, mesmo aumentando a fenda entre homes e mulleres.

8 Porén, se hai un aspecto que condiciona a situación das mulleres é a permanencia do  
9 terrorismo machista e a súa crecente normalización, cunha preocupante indiferenza social  
10 e política mesmo ante os feminicidios. Na sociedade apréciase cada vez máis unha  
11 lectura de inevitabilidade, que obedece á normalización dos discursos banalizadores que  
12 separan a violencia machista do sistema patriarcal, reducíndoo a un mero exercicio de  
13 violencia. Este contexto fomenta na sociedade a idea de que non é un problema social,  
14 senón individual e evade a responsabilidade das administracións.

15 Noutro contexto social, o cuestionamento da violencia sexual como unha estratexia de  
16 dominación das mulleres ou a decisión do Partido Popular de eliminar a Secretaría Xeral  
17 de Igualdade ou privatizar os centros de atención a vítimas de violencia sexual terían unha  
18 resposta masiva que non se deu. Como noutros ámbitos sociais, é patente a dificultade  
19 para autoorganizar a resposta máis alá de feitos ou datas puntuais e a dificultade de  
20 facelo en chave de axenda galega. Aínda así, hai que recoñecer a resiliencia do feminismo  
21 galego e, singularmente da Marcha Mundial das Mulleres, que consegue manter unha  
22 resposta organizada aos feminicidios e outros temas relevantes para as mulleres galegas.

### 23 **O compromiso do BNG co colectivo LGBT**

24 Como organización comprometida coa defensa dos dereitos humanos e a construción  
25 dunha patria máis xusta alicerzada na igualdade entre todas as persoas que viven na  
26 Galiza, o BNG rexeita calquera tipo de discriminación, sexa por motivos relixiosos, aspecto  
27 fisco, cor da pel, lugar de orixe ou etnicidade, diversidade funcional ou neurodiversidade,  
28 orientación sexual, identidade de xénero... Así, O BNG reitera a súa máis enérxica repulsa  
29 ante as discriminacións como mecanismo que utiliza o cisheteropatriarcado para dividir o  
30 pobo e perpetuar o sistema capitalista e comprométese a seguir a loita contra calquera  
31 expresión de islamofobia, gordofobia, racismo e xenofobia, capacitismo, misoxinia e  
32 transfobia e LGBTfobia.

33 Este combate resulta aínda máis preciso e urxente do que nunca nunha época –moi  
34 especialmente nos ámbitos dos dereitos das mulleres e das persoas LGBT– en que  
35 estamos a asistir a retroceso nas conquistas arrancadas grazas á loita feminista e do  
36 colectivo LGBT e a un recuar de actitudes e comportamentos altamente reaccionarios,  
37 alimentados e normalizados grazas a discursos do odio que van da man do ascenso da  
38 extrema dereita e do neofascismo, o que se materializa en agresións verbais e físicas,  
39 incluídas a continuada patoloxización das persoas trans, os continuados ataques ás  
40 persoas LGBT de xeito especialmente preocupante no ámbito educativo.

41 Denunciamos máis unha vez o incumprimento por parte da Xunta da Galiza da lexislación  
42 vixente –aínda que insuficiente– e apelamos á redacción e posta en marcha efectiva dun  
43 plano específico en materia LGBT para o ámbito escolar elaborado en estreita



1 colaboración co propio colectivo. O BNG e toda a súa militancia traballará para frear o  
2 avance dos discursos de odio na sociedade galega, asegurando que todos os espazos  
3 sexan seguros para todas as persoas. Neste sentido, a nosa organización, que asume nos  
4 seus principios fundamentais a defensa dos dereitos e liberdades das persoas LGBT,  
5 incrementará os seus esforzos na socialización destas posicións políticas, traballando na  
6 formación e no combate de todas as formas de violencia.

## 7 **1.2. A NOVA REALIDADE ELECTORAL APÓS AS ELECCIÓNS GALEGAS**

8 Os resultados electorais colleitados polo BNG neste período entre asembleas son  
9 históricos, pasando dunha fase de resistencia, na que a propia pervivencia dun proxecto  
10 soberanista autónomo parecía en risco, a un avance electoral sen precedentes.  
11 Conscientes de que o avance e a capacidade de intervención social non pode medirse só  
12 electoralmente, sen dúbida esta nova situación é unha grande oportunidade para traballar  
13 en fortalecer proxecto nacionalista en todas as súas dimensións.

14 Así o acredita o incremento de concelleiras, concelleiros e de alcaldías nas eleccións  
15 municipais de maio do 2023 en que, por vez primeira, o BNG goberna a capital da Galiza.  
16 Non é un elemento menor tendo en conta o valor político e simbólico que isto representa.

17 De igual maneira, melloramos os nosos resultados nas eleccións xerais e ao Parlamento  
18 europeo sumando á nosa acta no Congreso unha senadora designada froito do noso  
19 papel de primeira forza da oposición no Parlamento galego acadado no 2020 e  
20 consolidado no 2024, o que engade maior peso político ao nacionalismo galego no  
21 contexto estatal.

22 Mais sen dúbida, son as eleccións ao Parlamento galego as que marcan a diferenza ao  
23 converterse o BNG na alternativa clara de goberno. O nacionalismo galego ocupa por vez  
24 primeira na historia un terzo das deputadas e deputados do hemiciclo, rachando  
25 prognósticos que aventuraban unha perda de apoio electoral logo de nos converter na  
26 segunda forza política en xullo de 2020. Estas eleccións foron determinantes para  
27 evidenciar que o ascenso electoral do BNG non é froito dun día senón o resultado dun  
28 traballo político acertado, tanto no social como no institucional.

29 A senda de crecemento electoral continuada desde 2016 demostra como o nacionalismo  
30 galego foi quen de trasladar á sociedade galega que o BNG é unha alternativa sólida que  
31 non só exerce un labor firme de oposición senón que conta con propostas centradas nos  
32 problemas reais das galegas e galegos e con capacidade para mellorar as condicións de  
33 vida das maiorías sociais.

34 Grazas ao traballo político desenvolvido, tanto a nivel institucional como social e malia as  
35 dificultades existentes, o proxecto e a alternativa do BNG sumou ao seu arredor máis  
36 persoas, unha tarefa que debe continuar.

37 Os avances logrados son posíbeis grazas a unha organización robusta, ao compromiso  
38 permanente da nosa militancia e á acción social e mobilizadora do nacionalismo galego  
39 que, no seu conxunto, logrou reforzar a súa referencialidade nas principais loitas e  
40 conflitos sociais, como verifica que o sindicalismo nacionalista e de clase se teña  
41 consolidado como primeira forza sindical na Galiza. Tense verificado o acerto de manter

1 o BNG como unha forza política transformadora da realidade, non homologábel, que sabe  
2 combinar traballo social e institucional e que ofrece unha alternativa en base a propostas  
3 sólidas e en positivos e pensadas para dar resposta ás necesidades do pobo galego.

4 Na XVII Asemblea Nacional do BNG marcámonos como reto prepararnos para gobernar,  
5 un obxectivo que continúa plenamente vixente na actualidade. Debemos continuar a  
6 acumular forzas e preparar a organización para asumir o liderado político e institucional  
7 do País coa responsabilidade que nos esixe o momento histórico no cal nos atopamos.

8 Todas e todos nós debemos ser conscientes da grande corrente de ilusión e simpatía que  
9 se xerou arredor do BNG. Os resultados obtidos demostran, en primeiro lugar, que o  
10 nacionalismo galego non ten un teito preestabelecido, en segundo lugar, que hai unha  
11 maioría social que quere mudar as cousas, que non se resigna e que ve no BNG a forza  
12 para liderar ese cambio.

13 É preciso, pois, continuar a gañar presenza e influencia na sociedade galega combinando  
14 e coordinando o traballo institucional e social, fórmula esencial para fortalecermos o  
15 proxecto nacionalista e a consciencia nacional do noso pobo; contactando cos sectores  
16 máis vivos e dinámicos da sociedade galega comezando por fortalecer a nosa presenza  
17 municipal, pois os resultados tamén evidencian unha ampla marxe de mellora e de  
18 crecemento para avanzar no reto de conquistar a hexemonía social e política na Galiza.  
19

## 20 **2. CONTEXTO POLÍTICO INTERNACIONAL**

### 21 **2.1. O REARME DO IMPERIALISMO ANTE UN MUNDO MÁIS MULTICÉNTRICO**

22 Nas últimas décadas assistimos á consolidación do proceso de globalización neoliberal  
23 unipolar dirixida polos Estados Unidos de América (EUA). Ese proceso camiñou na  
24 dirección oposta á democracia, a xustiza social e á soberanía dos pobos, esta última  
25 condicionada a través de catro vías: i) a inxerencia no ámbito das soberanías nacionais de  
26 institucións (FMI, BM, OMC, GATT, etc.) e áreas supraestatais (como a UE) que cada vez  
27 colocan máis lonxe dos pobos os centros de decisión; ii) o impulso de grandes  
28 concentracións oligopólicas en todos os sectores de actividade con xigantes empresariais  
29 con maior capacidade económica e influencia que moitas nacións; iii) a posta en marcha  
30 de novas formas de política imperialista (guerras híbridas, lawfare, procesos de  
31 desestabilización, políticas de bloqueos e sancións, etc.) que vulneran as soberanías  
32 nacionais; e iv) prescindindo de competencias estatais cara fóra e recentralizando cara  
33 dentro, negando o carácter plurinacional de moitos estados.

34 Ese modelo, en moitos aspectos, tocou teito. Atopámonos nunha fase de transición  
35 histórica (co que implica en termos de volatilidade e confusiónismo político) caracterizada  
36 por certa decadencia (relativa) da globalización neoliberal unipolar. A pesar de que, tras a  
37 caída do Muro de Berlín, o liderado mundial dos EUA (económico, xeopolítico, militar e  
38 cultural) foi indiscutíbel, hoxe o peso e a influencia dos EUA, aínda que moi importante,  
39 non é a mesma que en décadas pasadas. A economía estadounidense ten, cada vez, un  
40 menor peso no conxunto dunha economía mundial que comeza a bascular do Atlántico  
41 cara ao Pacífico. A súa posición de dominio hexemónico vai a menos e cada día é máis  
42 cuestionada, ao igual que a súa capacidade de influencia no contexto internacional.

1 Os EUA seguen a ser hoxe a potencia hexemónica do planeta. Porén, China xa está a  
2 disputarlle esa posición en moitos ámbitos, especialmente no económico (onde cada vez  
3 ten unha maior participación na economía mundial) e no científico (robotización,  
4 intelixencia artificial, computación cuántica, 6G, etc.). O PIB chinés pasou de representar o  
5 4% do PIB mundial en 1960 ao 19% actual, sendo o segundo país do mundo en termos de  
6 PIB e o primeiro en termos de Paridade de Poder Adquisitivo (PPA). Desde 2011, China é o  
7 motor industrial do mundo, representando o 30% da produción industrial do planeta  
8 (frente ao 16% dos EUA) e tamén o maior importador e exportador de mercadorías do  
9 planeta. Hoxe a China lidera a iniciativa en materia de infraestruturas de comunicacións e  
10 transporte máis ambiciosa da historia: a Iniciativa da Franxa e da Ruta que busca impulsar  
11 o comercio e a conectividade en Asia, Europa e África e mellorar a interconectividade  
12 comercial de case a metade da poboación do mundo.

13 Porén, non é só a China a que está a pór en cuestión a hexemonía estadounidense. Ao  
14 longo das últimas décadas xurdiron novas alianzas de estados que poñen en cuestión a  
15 actual orde mundial, como pode ser a Alianza Bolivariana para os Pobos da Nosa América  
16 – Tratado de Comercio dos Pobos (ALBA-TC) ou a Comunidade de Estados  
17 Latinoamericanos e Caribeños (CELAC) en América Latina e o Caribe, a Organización de  
18 Cooperación de Shanghai (OCS) en Asia ou a Confederación da Alianza de Estados do  
19 Sahel en África. Mais, sen lugar a dúbidas, a máis relevante polo seu peso cuantitativo e  
20 cualitativo son os BRICS+.

21 Os BRICS+ representaren hoxe máis do 45% da poboación do planeta e máis do 36% do  
22 PIB mundial. Ademais, dotáronse de importantes instrumentos como o Novo Banco de  
23 Desenvolvemento (NDB) que se constituíu como institución alternativa ao Fondo  
24 Monetario Internacional (FMI) e ao Banco Mundial. Trátase dun club de estados moi  
25 diferentes entre si, mais que teñen dúas importantes cousas en común: a defensa da  
26 soberanía nacional dos seus estados fronte inxerencias externas e a defensa da  
27 necesidade de camiñar cara a unha nova orde mundial multipolar e multicéntrica en que  
28 os denominados “países do Sur global” teñan un peso acorde co que realmente significan  
29 en termos poboacionais, económicos, xeopolíticos e culturais. Os BRICS+ (para os que hai  
30 unha lista de agarda de máis de 30 novos estados que se queren integrar) denuncia as  
31 sancións e bloqueos unilaterais, cuestionan este modelo de globalización e poñen en  
32 cuestión o funcionamento de institucións internacionais como a ONU ou a OMC, discuten  
33 que o dólar sexa a única divisa de reserva e intercambio internacional ou que o FMI e o  
34 Banco Mundial controlen a economía do planeta.

35 A pesar de ser moi visíbeis algúns dos síntomas de esgotamento da hexemonía dos EUA  
36 (retirada en Afganistán, inicio de venda de Arabia Saudita de petróleo en moedas  
37 diferentes ao dólar, falta de apoio en África e América Latina da súa política de sancións  
38 contra Rusia, necesidade de recorrer a un hiperproteccionismo ou á guerra comercial para  
39 poder competir con China, etc.), os EUA non están dispostos a aceptar unha nova orde  
40 mundial en que o seu papel se vexa “devaluado”. Non aceptan a posibilidade de perder a  
41 súa posición de dominio e privilexio e están dispostos a todo (literalmente) por mantela.  
42 Por ese motivo, o imperialismo estase a rearmar en todos os ámbitos.

## 43 **2.2. A APOSTA DO BNG POLA PAZ FRONTE AO INCREMENTO DO BELICISMO**



1 O mundo está nunha fase crítica. A orde mundial unipolar estase reconfigurando, cun novo  
2 sistema de relacións internacionais. A “civilización occidental”, asentada nun modelo  
3 colonial e depredador en que un pequeno grupo de estados se outorgou poderes  
4 exclusivos sobre o destino e os recursos dos países a que espoliaban está en declive. A  
5 percepción de que o bloque imperialista está perdendo poder, capacidade de incidencia e  
6 incluso de prestixio estaon levando a unha sorte de fuxida cara diante, e en aras de tentar  
7 manter a dominación global está fomentando inestabilidade, guerra e caos,  
8 converténdose nunha ameaza intervencionista constante.

9 O imperialismo está inmerso nunha especie de guerra permanente librada a escala  
10 planetaria contra un inimigo difuso e, na maioría das veces, non declarado. Unha guerra  
11 contra calquera que non se someta aos ditados dos EUA. Leva a cabo intervencións  
12 contra Estados, movementos sociais ou políticos, grupos e organizacións, ou incluso  
13 individuos que lles poidan ser problemáticos ou molestos.

14 Para iso conta en primeiro lugar coa expansión da OTAN, que se conformou como a  
15 principal ameaza á paz e á seguridade internacional. Na axenda está aumentar a  
16 estratexia da confrontación a nivel mundial, o aumento dos orzamentos para o gasto  
17 militar (o maior en décadas) e o avance cara ao leste de Europa, coa integración de  
18 Finlandia (2023) e Suecia (2024) e o recoñecemento de Bosnia Hercegovina, Xeorxia e  
19 Ucraína como países aspirantes. Usar o seu poder militar para manter a hexemonía  
20 occidental, o control económico e a presión política sobre os estados que consideren  
21 unha ameaza, ou aos cales directamente quere espoliar os seus recursos. En segundo  
22 lugar coa capacidade dos EUA, ao ter máis de 700 bases militares en 80 países, o que lles  
23 permite o potencial de facer ataques efectivos en calquera parte do planeta.

24 A submisión, arestora xa indisimulada, da Unión Europea á propia OTAN, e por extensión a  
25 Washington, está a quedar patente no papel desempeñado pola UE na guerra en curso na  
26 Ucraína, na cal, en lugar de promover de maneira activa unha solución dialogada no marco  
27 da diplomacia e do dereito internacional, é quen de pór en risco a seguridade do seu  
28 propio territorio e os seus intereses estratéxicos.

29 Asistimos a guerras multidireccionais, multifactoriais, tamén chamadas híbridas ou de IV  
30 xeración. Combina guerra convencional, coa despregadura de accións militares  
31 estándares, de xeito directo ou “proxy” a través de intermediarios. Un elemento  
32 fundamental nas guerras híbridas é a batalla das ideas, das consciencias, a construción  
33 da realidade a través do control do relato, usando a falsidade e a mentira como estratexia  
34 ou directamente aplicando a censura a medios de comunicación que podan ofrecen unha  
35 outra versión da realidade.

36  
37 Os conflitos que representan maiores perigos na actualidade están en: i) Oriente Próximo,  
38 con Palestina e o Líbano como a imaxe dramática da barbarie imperialista; ii) Ucraína, pola  
39 súa relevancia xeoestratéxica na contenda con Rusia; iii) Asia-Pacífico, na actualidade  
40 unha das rexións máis militarizadas do planeta, considerada zona de operacións  
41 prioritaria, coa idea de pór en marcha unha rama da OTAN, e onde son habituais as  
42 provocacións a China; iv) O Sahel, co avance de posicións anticoloniais e soberanistas de  
43 estados que deixaron de tolerar o roubo sistémico e norte de África especialmente polo  
44 conflito do Sáhara Occidental; v) América Latina que segue a ser obxectivo prioritario do  
45 imperialismo, e onde se está a recuperar a doutrina Monroe (“América para os

1 americanos”), interferindo activamente nos procesos internos de países, como Cuba,  
2 Venezuela ou Colombia, entre outros.

3 Fronte a esta escalada bélica, o BNG reafirma a súa posición antiimperialista, defende que  
4 o principio máis importante das relacións internacionais debe ser o respecto mutuo e o  
5 recoñecemento da soberanía dos pobos. O BNG, como forza pacifista, entende como  
6 prioridade a defensa da Paz mundial, o desarmamento e a disolución dos bloques  
7 militares agresivos e avoga pola resolución pacífica e democrática dos conflitos.

### 8 **2.3. O AUXE DA ONDA REACCIONARIA E O FASCISMO**

9 O BNG vén alertando certamente, desde hai tempo, sobre a ameaza que supón o auxe  
10 da extrema dereita e dos neofascismos a nivel mundial que se foi acelerando nos últimos  
11 anos, especialmente no espazo da Unión Europea.

12 Por un lado, o populismo ultrarreaccionario instrumentaliza o empeoramento da situación  
13 económica que exacerba as desigualdades para dividir a clases populares mediante o  
14 discurso do odio xenófobo, misóxino e antifeminista, LGBTfóbico, etc., co fin de desviar o  
15 foco da atención do fallo sistémico do neoliberalismo.

16 A pesar de existiren diferenzas en temas relevantes entre eles, os movementos  
17 ultraconservadores actúan ao unísono cunha alianza estratéxica internacional que pon en  
18 perigo as xa deterioradas liberdades democráticas, a convivencia e a paz dos pobos.

19 Polo outro, o éxito da extrema dereita nas urnas permítelle branquear a súa imaxe como  
20 unha alternativa lexítima e viábel ao ollos dunha sociedade defraudada pola  
21 socialdemocracia desgastada, corrupta e desprestixiada e incapaz de ofrecer verdadeiras  
22 solucións. Ao tempo, fai que o centro político se vaia desprazando cada vez máis cara á  
23 dereita. Deste xeito, políticas que serían tachadas de extremas non hai tanto pasaron hoxe  
24 a defenderse con toda normalidade. De feito, a ameaza da extrema dereita serve ás forzas  
25 sistémicas tradicionais para conservar o statu quo como única alternativa, marxinando  
26 calquera proposta verdadeiramente transformadora. Isto agudízase pola renuncia por  
27 parte de boa parte das organizacións de “esquerda” das súas posicións tradicionais a  
28 favor da clase traballadora e popular, ao mesmo tempo que se dereitiza a política e se  
29 recorten as liberdades civís, facilitando tamén pola asunción por unha grande parte da  
30 poboación deste discurso difundido ao unísono polos medios sistémicos exacerbado pola  
31 censura doutros medios alternativos.

32  
33 Esta experiencia demostra que a extrema dereita se ten que combater ideoloxicamente e  
34 xeito continuado con argumentos que contrarresten as falacias populistas e con  
35 propostas que avancen en dereitos, así como nunha axenda política propia afastada dos  
36 marcos de debate e do discurso reaccionario.

### 37 **2.4. O PAPEL DA UNIÓN EUROPEA**

38 Hoxe podemos confirmar o acerto da nosa análise e posición histórica sobre o  
39 denominado proceso de construción europea. A UE nunca se sostivo sobre principios de  
40 cooperación e integración comercial, económica e política igualitarios e respectuosos coa  
41 soberanía dos pobos, senón que sempre demostrou ser unha unión de estados ao servizo

1 do capital transnacional contrario aos intereses das nacións periféricas e das clases  
2 populares.

3 A UE sempre respondeu a ese esquema. Non é algo novo. Porén, o certo é que nos últimos  
4 anos se acentuou o seu papel subordinado ás grandes corporacións económicas e  
5 financeiras en que ten que ver coa política “doméstica” e aos EUA no que ter que ver cos  
6 seu papel no mundo.

## 7 **A inexistente “autonomía estratéxica”: a UE como protectorado dos EUA**

8 A pesar de que a Unión Europea ten capacidade de decisión sobre aspectos que  
9 condicionan a vida de millóns de persoas, cada día é máis visíbel a perda de “autonomía  
10 estratéxica” convertida nunha nova caste de protectorado dos EUA en todo o relativo a súa  
11 política exterior. Xa non só non están gobernando para as súas clases populares (que  
12 nunca o fixeron) senón que nin sequera o fan para as elites propias. O mellor exemplo  
13 desta falta de autonomía estratéxica vímolos coa posición da UE diante do conflito entre  
14 Ucraína e Rusia, en que a UE tomou decisións obxectivamente contrarias aos seus propios  
15 intereses e, moi especialmente, no acontecido co Nord Stream II, no cal a humillación  
16 internacional e a demostración de submisión e servilismo da UE respecto dos EUA foron  
17 máximos. Tamén foi claramente visíbel na falta de resposta á presión de Washington ás  
18 empresas europeas para que se trasladasen aos EUA (co que implica en termos de  
19 afondamento na desindustrialización da UE), argumentando prezos enerxéticos máis  
20 baixos, menos burocracia e notábeis axudas para quen así o fixese.

21 Na nova reconfiguración xeopolítica mundial, a UE está convertida nun actor subalterno,  
22 entregada á estratexia dos EUA e da OTAN, sen autonomía estratéxica no ámbito de  
23 seguridade ou militar, mais tampouco no comercial, tecnolóxico ou enerxético, como  
24 quedou en evidencia dun xeito claro na guerra de Ucraína ou co xenocidio que Israel e os  
25 EUA están cometendo contra os pobos palestino e libanés.

26  
27 A relación entre a OTAN e a UE reordenouse e, dun xeito claro, estableceuse a primacía  
28 da primeira sobre a segunda. Isto leva aparelado que a adhesión á UE de países da  
29 periferia se faga en función dos intereses xeoestratéxicos dos EUA e non dos intereses  
30 dos estados membros. Outra consecuencia é o aumento do gasto militar por enriba do 2%  
31 en cada estado, ademais do envío de millares de millóns de euros en axuda militar a  
32 Ucraína. Sube o gasto militar (principalmente para empresas do complexo militar-  
33 industrial norteamericano), mentres os gastos sociais permanecen conxelados e aumenta  
34 o peso do sector privado nos mesmos, millóns de persoas sofren a peor crise do custo da  
35 vida en décadas, e se deixa morrer milleiros de persoas no Mediterráneo ou se detraen de  
36 servizos públicos esenciais.

## 37 **Unha UE máis neoliberal e globalista ca nunca**

38 No marco das sucesivas crises a evolución da UE foi profundamente regresiva. Unha  
39 deriva que, lonxe de mudar, se acentuou ao longo dos últimos tempos. Así, vimos como se  
40 supeditou o fornecemento de material sanitario e a produción de vacinas ao negocio de  
41 grandes grupos empresariais transnacionais, como a pesar da experiencia da crise  
42 financeira de 2008 se retoma para este 2025 a “austeridade” como paradigma económico,  
43 como a pesar dos problemas da carestía da vida subían as taxas de xuro para garantir o

1 negocio dos bancos, como baixo unha capa de falso ambientalismo se está a avala o  
2 espolio enerxético de territorios como o noso.

3 O malestar xerado polo desastre de case dúas décadas de políticas austericidas  
4 (desmantelamento dos dereitos e privatización dos servizos do estado do benestar) ten  
5 como reflexo o aumento de actitudes insolidarias e de extremistas. Eses descontento  
6 canalízase, entre outros, na emigración, como xa pasou noutros momentos históricos,  
7 xerando racismo e xenofobia. As propias institucións da UE, aínda que por veces son  
8 presentadas como freo a esas tendencias, non fan máis que consolidalas ao asumir xa  
9 boa parte dos marcos e propostas de extrema dereita en materia migratoria”

### 10 **3. CONTEXTO POLÍTICO NO ESTADO**

11 A situación política do Estado caracterízase pola inestabilidade e unha polarización formal  
12 crecente entre dereita e esquerda que non pode ocultar, porén, que o principal problema  
13 do réxime español é a cuestión nacional aínda non resolta e que son precisamente as  
14 forzas soberanistas das nacións as que representan o principal impulso democratizador e  
15 transformador no momento actual.

16 Temos analizado moitas veces que o réxime español se caracteriza por unha baixa  
17 calidade democrática que ten a súa orixe na tan loada Transición, que imposibilitou a  
18 ruptura democrática coa ditadura e facilitou a continuidade –e reprodución posterior– de  
19 moitas das estruturas de poder do franquismo no réxime constitucional, especialmente  
20 nos aparellos xudicial, militar e policial.

21  
22 A propia Constitución de 1978, que o nacionalismo galego rexeitou de plano, é resultado  
23 dun proceso, en termos democráticos, viciado desde un comezo. A comezar pola  
24 imposición do Borbón designado por Franco como Xefe de Estado e, en consecuencia,  
25 pola consagración dunha monarquía anacrónica e corrupta que nunca foi sometida a  
26 escrutinio popular; tamén o papel que atribúe ao Exército no artigo 8 como garante da  
27 “integridade territorial” de España, o que o sitúa por riba da vontade do pobo e dos pobos,  
28 e, especialmente, a negación das nacións –como a Galiza– que aínda integramos o  
29 Estado e dos dereitos democráticos que lles corresponden, como o dereito de  
30 autodeterminación.

31 Son os crónicos déficits democráticos os que explican que decisións ou actuacións  
32 políticas que mesmo no contexto europeo son consideradas lexítimas, no caso español  
33 sexa motivo de confrontación por parte dos sectores máis reaccionarios ou mesmo de  
34 decisións incompatíbeis co respecto á vontade popular expresada democraticamente  
35 como a aplicación do artigo 155, apoiado polas forzas políticas que sustentan o réxime.

36 En calquera caso, a evidencia do papel chave da cuestión nacional na polarización política  
37 radica no feito da relevancia que nesa confrontación adquiren elementos como as linguas,  
38 as culturas ou os dereitos democráticos en relación coas nacións e, particularmente sobre  
39 Cataluña na medida en que o proceso vivido no ano 2017 foi o embate máis importante  
40 que tivo que enfrontar o réxime español en décadas. A evidencia tamén de que no caso do  
41 Estado español a dereita ultra e a ultradereita son fundamentalmente ultraespañolismo, a  
42 expresión máis clara do supremacismo español sobre a Galiza. O que non quere dicir que

1 non exista tamén na “esquerda”, pois é evidente que, a pesar do discurso da “diversidade”  
2 nun caso ou da “plurinacionalidade” no outro, así é.

3 Tamén a polarización formal non evita a coincidencia das forzas do bipartidismo  
4 tradicional naquelas cuestións que consideran políticas de Estado, como o apoio  
5 incondicional á monarquía borbónica, aos orzamentos de defensa e o incremento  
6 exponencial do gasto militar, á OTAN e á estratexia internacional do imperialismo  
7 estadounidense ou á escalada belicista en curso.

8 No entanto, a análise que xa ten feito o BNG de que o Estado español non é reformábel en  
9 sentido democratizador e de recoñecemento pleno dos dereitos das nacións ou a  
10 constatación de que Partido Popular e Partido Socialista son os dous principais piares do  
11 réxime de 78 non nos pode levar a unha posición de inhibición, porque sería caer nun  
12 ideoloxismo estéril, pouco útil para os galegos e galegas e nada funcional para o avance  
13 do nacionalismo.

14 Neste contexto, é preocupante o exercicio de subversión por parte dalgúns poderes,  
15 mesmo do aparello do Estado contra leis aprobadas no Congreso dos Deputados que en  
16 nada contradín o marco político do cal eles mesmos se teñen dotado, como a  
17 deslaxitimación dos resultados electorais polo simple feito de procurar acordos con  
18 organizacións políticas nacionalistas que lles priva de ter acceso ao goberno e que son  
19 consecuencia precisamente das políticas abertamente agresivas coa diversidade  
20 nacional, cultural e lingüística do Estado español.

## 21 **4. A ESTRATEXIA DO BNG ANTE UN NOVO CICLO POLÍTICO**

### 22 **4.1. O BNG COMO DINAMIZADOR DA SOCIEDADE GALEGA**

23 O nacionalismo galego cumpriu historicamente un papel que foi moi alén do que  
24 tradicionalmente se asocia a unha forza política convencional. Como movemento  
25 sociopolítico, para alén de atender o plano políticoelectoral e institucional, sempre  
26 entendeu que nunha realidade de nación dependente como a que temos e padecemos, o  
27 traballo de articulación e organización social, de mobilización popular, de toma de  
28 consciencia nacional, é decisivo para o avance do proceso liberador. Este obxectivo de  
29 robustecemento da consciencia nacional, a través do propio BNG e do conxunto do tecido  
30 organizativo e social nacionalista, debe ser unha constante fundamental do noso traballo.  
31 Así se demostrou ao longo da historia, e así se pretende seguir exercéndoo.

32 O período comprendido entre a presente e a próxima asemblea nacional do BNG fai parte  
33 dunha fase política aparentemente libre de urxencias electorais até maio de 2027. Temos  
34 daquela a posibilidade de planificar e estruturar en todos os ámbitos da nosa organización  
35 unha estratexia que mellore e amplifique o traballo social que xa se se está a realizar. Así,  
36 o obxectivo do BNG neste período e neste ámbito pasa por activar e mobilizar en chave  
37 nacional o tecido social, gañar máis influencia ideolóxica e cultural e maior capacidade de  
38 organización popular, no camiño da conquista da hexemonía social.

39 O traballo do BNG é imprescindible neste país. Posúe o nacionalismo galego unha gran  
40 capacidade real de mobilización social, que desmostrou en solitario e xunto a outros



1 axentes sociais en múltiples ocasións ao longo da historia. De feito, na nosa práctica  
2 colectiva o conflito e a mobilización reveláronse como instrumentos útiles e  
3 imprescindíbeis para a defensa da Galiza como nación. Sen a presenza organizada do  
4 nacionalismo na sociedade, sen o traballo militante na rúa e nas organizacións sociais, o  
5 noso sería un país máis inxusto e desigual, menos democrático e máis dependente. Por  
6 tanto, esta é unha liña de actuación fulcral na senda estratéxica do BNG.

7 O labor a desenvolver é moi complexo, mais insubstituíbel. Non hai manual que indique  
8 pautas de actuación concretas no traballo político-social, mais tamén conta o BNG cunha  
9 rica experiencia colectiva e cunha organización máis forte, activa e decidida. Todo fai  
10 prever que no futuro máis inmediato se produza un agravamento das agresións coloniais  
11 pola vía do espolio extractivista de recursos naturais e enerxéticos, na vulneración de  
12 dereitos, na degradación de servizos públicos ou no ataque directo ou sutil aos elementos  
13 lingüísticos e culturais deste pobo. Nese escenario, o BNG debe estar á altura das  
14 circunstancias, tanto para xerar condicións para as necesarias respostas colectivas de  
15 autodefensa nacional, como para directamente tomar a iniciativa e pasar á ofensiva  
16 política tamén desde o ámbito social.

17 É esencial, neste período, desenvolver as seguintes pautas de actuación:

- 18  
19 1. O nacionalismo debe seguir a ser referencia inequívoca do xustifico descontento  
20 social desde unha perspectiva galega, con alternativas propias, en función dos  
21 problemas, das necesidades e das nosas aspiracións como pobo, acompañando  
22 sempre os conflitos e as loitas populares. Sempre o fixemos. Como tamén o apoio  
23 activo desde Galiza, solidario e antiimperialista, ás causas xustas da humanidade.
- 24 2. Resulta primordial a ligazón e coordinación estreita entre o campo institucional (en  
25 todos os ámbitos con presenza nacionalista, quer no goberno, quer na oposición) e  
26 o traballo social.
- 27 3. Alén do traballo que xa se está a desenvolver no eido social, existen tres ámbitos  
28 que deben ser reforzados e considerados prioritarios no actual contexto. Un deles é  
29 o da defensa da lingua galega e da súa plena normalización. Resulta de máxima  
30 relevancia a implicación de toda a militancia do BNG na defensa dos dereitos  
31 lingüísticos e na dinámica normalizadora, actuando en todos os campos como  
32 axentes activos, coidando a calidade da lingua nos seus usos e avanzando na  
33 restauración dos nomes e apelidos propios. Así mesmo, as mobilizacións nacionais  
34 exitosas deben ter o seu correlato tamén nos planos local e comarcal, con  
35 obxectivos concretos, traballo definido, campañas específicas, presenza nos  
36 centros de ensino, etc. O segundo é o plano simbólico. O españolismo leva tempo  
37 desenvolvendo unha intensa estratexia de expansión e naturalización dos seus  
38 símbolos a través de diferentes medios e ámbitos, especialmente na mocidade.  
39 Desde o conxunto do tecido organizativo e social do nacionalismo galego resulta  
40 fundamental desenvolver unha estratexia propia que afonde na identificación da  
41 nosa sociedade cos nosos símbolos nacionais. O outro é o da mocidade, como  
42 grupo social vital para o presente e o futuro do nacionalismo, e tendo sempre como  
43 referencia Galiza Nova.

1 4. As asembleas locais e comarcais do BNG –baixo seguimento nacional– teñen que  
2 deseñar un plan de actuación propio. Deberán analizar, en función da dinámica  
3 política existente, da súa implantación organizativa real, do corpo social organizado  
4 e das problemáticas sociais detectadas, as opcións de intervención social a través  
5 de tácticas e instrumentos organizativos adaptados a cada caso, tendo sempre  
6 presente unha perspectiva nacional.

7 5. A militancia do BNG ten que participar de forma activa nos ámbitos asociativos que  
8 lle sexan máis próximos. En concreto, no movemento veciñal, comunidades de  
9 montes, clubs e entidades deportivas, comisións de festas, asociacións de  
10 comerciantes, ANPAS, plataformas en defensa da sanidade, asociacións culturais,  
11 musicais, colectivos feministas, de recuperación da memoria histórica, etc.

## 12 **4.2. IMPULSO Á AUTOORGANIZACIÓN**

13  
14 O principio de autoorganización non é un simple adobío nunhas teses fundacionais do  
15 BNG. É fundamento teórico, mais sobre todo é práctica política coherente. Ao longo da  
16 historia do nacionalismo houbo poucos elementos doutrinais sometidos a tan intenso  
17 debate como este, probabelmente porque ten a ver co cerne mesmo e a razón de ser do  
18 nacionalismo como movemento sociopolítico e, por extensión, do pobo galego a se valer  
19 por si propio, libremente e sen dependencias externas.

20 Nesa liña, desde a súa fundación e nas sucesivas asembleas nacionais, a militancia do  
21 BNG, democraticamente, apostou polo exercicio do principio de autoorganización como  
22 elemento consubstancial ligado ao dereito de autodeterminación: non é posíbel a  
23 liberación nacional sen que o pobo dominado posúa instrumentos políticos e sociais  
24 propios, non subordinados, que sexan quen de o emancipar.

25 A aplicación práctica deste principio implica a aposta por solucións organizativas propias,  
26 non importadas. E non foi doado crebar a dinámica política “tradicional” imposta desde a  
27 metrópole, situada exclusivamente na oposición dereita-esquerda, para unha dialéctica  
28 realmente transformadora e adaptada á nosa realidade, baixo o eixo Galiza-Estado ou  
29 nacionalismo-españolismo. Mais fíxose. E este pobo foi quen, con traballo, entrega e  
30 teimosía perseverante, de edificar unha forza política sólida e referencial como o BNG, de  
31 construír unha alternativa sindical que hoxe é a primeira forza no mundo do traballo, de  
32 erguer, en fin, diversas organizacións nacionais nos ámbitos ecoloxista, estudantil, agrario,  
33 cultural, de emigrantes retornados, de defensa da lingua, de montes veciñais en man  
34 común, do ensino, feminista ou de solidariedade internacionalista, entre outros.

35 E xa nos últimos tempos, estratexias procedentes de acordos asemblearios máis recentes  
36 contribuíron á extensión a novos campos. Non podemos máis que saudar a aparición no  
37 escenario social de diversas expresións en chave galega e autoorganizada, en ámbitos  
38 como o da reivindicación de dereitos nacionais, no espazo galego de comunicación, na  
39 cultura nacional, nos dereitos LGBT, no antiimperialismo, ou en plataformas sociais  
40 diversas.

41 Con todo, e malia aos avances conseguidos, existen aínda moitas necesidades que cubrir  
42 neste eido. Os obxectivos do BNG neste período e neste ámbito pasan por:

- 1 1. Consolidar os espazos de autoorganización conquistados e xerar outros novos que  
2 normalicen a referencia da Galiza en todos os ámbitos, e que favorezan a plena  
3 participación de persoas con diferentes graos de identificación coa alternativa  
4 nacionalista.
- 5 2. Especificamente, favorecer todos os esforzos dirixidos á consecución dunha  
6 estrutura unitaria de acción sindical do nacionalismo no ámbito rural e labrego.
- 7 3. No eido comunicativo, revalidar o compromiso político para a continuidade e o  
8 fortalecemento de medios de comunicación galegos e en galego, indispensábeis  
9 para a normalización lingüística e o pluralismo informativo, desde a convicción de  
10 que existe neste país capacidade para enfrontar a política sectaria, excluínte e  
11 antigalega emprendida pola Xunta do Partido Popular contra estas iniciativas  
12 mediáticas.
- 13 4. As pautas de actuación nas plataformas sociais, defendendo o seu carácter amplo,  
14 plural e participativo, pasan pola asunción da lóxica de que somos unha nación, e  
15 tamén no terreo da reivindicación social, temos dereito a nos organizarmos nós, de  
16 xeito soberano, apostando por fórmulas propias, e con alternativas, tempos e  
17 axendas en función do noso país, e non de ningunha planificación española.
- 18 5. A militancia e o corpo social organizado no BNG terán coñecemento das  
19 referencias organizativas do nacionalismo en cada un dos ámbitos de actuación  
20 sectorial, que serán obxecto de apoio preferente.

#### 21 **4.3. DEFENSA DA LINGUA E DOS NOSOS SINAIS DE IDENTIDADE NACIONAL**

22 A lingua galega é o noso principal e máis valioso sinal de identidade, que nos define como  
23 pobo e constitúe o alicerce chave da nosa cultura. Fronte á tentativa deliberada do  
24 españolismo, en diferentes épocas e con diferentes métodos, por laminar, reprimir ou  
25 subordinar o noso idioma, o galego mantense como lingua viva e nacional e une a nosa  
26 sociedade. Reverter a situación do galego e encetar un verdadeiro proceso de  
27 normalización social da nosa lingua é posíbel e é necesidade para existirmos e  
28 desenvolvérmonos plenamente como nación.

29 Para ser exercido, o dereito ao uso do galego debe estar asegurado co correspondente  
30 deber de coñecemento garantido por parte dos poderes públicos con presenza e oferta en  
31 todos os espazos.

32 Para o nacionalismo galego, debe ser chave robustecer e intensificar aínda máis o  
33 compromiso activo coa nosa lingua, na nosa acción social, política e institucional. O BNG  
34 debe traballar pola súa plena normalización en todos os eidos, sen caer en rutinas e  
35 procurando a eficacia social das mensaxes, campañas e iniciativas a desenvolver, a  
36 comezar desde todas aquelas institucións en que o BNG exerce funcións de goberno,  
37 onde se ha de garantir toda a dispoñibilidade e oferta nas actuacións e servizos  
38 dependentes ou financiados pola administración pública, con planificación de obxectivos,  
39 medidas concretas, prazos de aplicación e avaliación e corrección de resultados. Tamén  
40 resulta chave reforzar o noso compromiso individual e colectivo cos proxectos  
41 comunicativos desenvolvidos en lingua galega.

1 Este traballo resulta urxente e prioritario, máis aínda cando ano a ano observamos novas  
2 evidencias de que as políticas de límites ao galego, reforzadas polo Partido Popular,  
3 intensifican os resultados negativos. Un proceso desgaleguizador que comeza nunha  
4 escola que ten prohibido impartir en galego as materias da área de ciencias e relegado á  
5 irrelevancia o contacto co galego na educación infantil, incide sobre a exclusión do galego  
6 en todos os ámbitos da vida social. O predominio e hexemonía do español ten o seu  
7 correlato no feito de que, por primeira vez na historia, o galego non sexa a lingua máis  
8 falada no noso país.

9 O PP amosou a súa vontade de empregar os recursos públicos nunha xestión antigalega,  
10 inzada de prexuízos cara ao galego. Desenvolveu unha política de intensificaciónfalantes  
11 da exclusión lingüística contra o noso idioma, negou todos os datos e advertencias  
12 procedentes de entidades sociais galegas como A Mesa pola Normalización Lingüística  
13 ou a plataforma Queremos Galego –na cal participa o BNG– ou, grazas ás denuncias  
14 destes colectivos, de organismos internacionais como o Consello de Europa ou relatores  
15 da ONU, a respecto do devalo e límites para o seu uso; e renunciou a pór en marcha  
16 ningunha medida que supuxese un avance ou mellora para ela en 15 anos de goberno.

17 Porén, estes datos negativos conviven cunha sociedade galega na cal existe unha  
18 identificación positiva maioritaria co noso idioma, mesmo entre aquelas persoas que non  
19 o empregan decote. É o resultado da insistencia de colectivos e entidades sociais e,  
20 nomeadamente, do nacionalismo, por manter viva a loita pola lingua. A esta realidade  
21 contribuíron de xeito especialmente relevante o talento e creatividade da produción  
22 cultural na nosa lingua, especialmente na mocidade. Comunicativamente, o BNG debe  
23 incidir, neste sentido, en que o PP hoxe por hoxe é o principal axente contra o galego, que  
24 está situado, desde a propia Xunta da Galiza, nunha posición agresiva e contraria a que  
25 desexa a inmensa maioría da sociedade galega: a defensa da lingua propia do país e o  
26 avance na súa normalización social.

27 Fronte a esta realidade, desde o BNG debemos impulsar un discurso baseado no orgullo  
28 de termos unha lingua de noso e na autoestima colectiva que xera a nosa lingua, e  
29 igualmente na identificación da defensa da lingua como unha causa xusta e necesaria  
30 para a cohesión social e o noso desenvolvemento político, económico e cultural como  
31 nación. O desenvolvemento recente de diferentes iniciativas exitosas ao redor da lingua  
32 deixa ver o potencial de activación lingüística para o galego que existe na nosa sociedade.  
33 É preciso, nos vindeiros anos, traballar para asegurar ámbitos, contextos e persoas  
34 galegofalantes que permitan activarmos con sucesos novas estratexias de incorporación  
35 novas persoas ao uso do galego.

36 Para estes obxectivos, debe ser prioritaria e urxente a defensa, socialización e posta en  
37 marcha desde todos os ámbitos institucionais e sociais posibles de espazos e iniciativas  
38 de inmersión lingüística.

39 No plano social e no político, o BNG ha de apoiar todas as iniciativas populares que  
40 pelexen por revitalizar o idioma e tamén debe ser propositivo a nivel lexislativo, levando  
41 adiante proxectos como unha nova Lei de Normalización Lingüística, a actualización e  
42 cumprimento do Plan Xeral de Normalización da Lingua galega –aprobado por  
43 unanimidade no Parlamento Galego en 2004– ou a proposta dun novo Decreto para o  
44 ámbito educativo que derroque o aprobado en 2010 polo Partido Popular e que, no camiño

1 cara a garantir que o galego sexa a lingua vehicular no ensino, estableza o galego como  
2 lingua do ensino nos máximos legalmente establecidos. Igualmente, debemos aproveitar  
3 a potencialidade internacional da nosa lingua, incrementando os vínculos coa lusofonía a  
4 todos os niveis e activando a Lei Paz Andrade, aprobada por unanimidade en 2014.

#### 5 6 **4.4. AVANZAR NUN NOVO STATUS POLÍTICO E FINANCEIRO PARA GALIZA**

7 O BNG ten analizado en diferentes textos assemblearios as limitacións do actual marco  
8 político, derivado da Constitución de 1978 e do Estatuto de 1981, que nega o carácter  
9 plurinacional do Estado, non recoñece a Galiza como nación e impide o dereito a decidir  
10 libremente o seu futuro, establece relacións de subordinación e non serve para resolver  
11 os problemas e as necesidades estruturais do noso país.

12 Tal e como temos analizado, o pleno desenvolvemento do noso País así como avanzar na  
13 construción dun novo modelo económico e social, autocentrado e de xustiza social, esixe  
14 como condición de posibilidade a superación do actual marco no horizonte estratéxico de  
15 atinxirmos a plena soberanía nacional que se ha de materializar na República da Galiza.

16 A aposta na soberanía vai moi alén dun lexítimo reclamo democrático ou dunha cuestión  
17 identitaria, desde a premisa irrenunciábel da Galiza poder exercer o dereito de  
18 autodeterminación, senón que ten unha ligazón directa coas condicións materiais, de vida  
19 e de traballo, do pobo galego e da maioría social que representan as súas clases  
20 populares e traballadoras. Superarmos o actual marco de dependencia é, pois, unha  
21 necesidade tamén do punto de vista social.

22 A superación do actual marco é unha posición clara que defendemos, en coherencia co  
23 horizonte estratéxico do exercicio do dereito de autodeterminación, entendido como un  
24 proceso acumulativo, de conquista de poder político e de parcelas de soberanía nacional.

25 E nesta perspectiva en que se insire a proposta dun novo status político de nación para  
26 Galiza que supere o actual marco autonómico. Un status político que nos recoñeza como  
27 nación, que blinde capacidade plena de decisión en ámbitos como o enerxético, as  
28 infraestruturas, a costa, a xustiza, a Administración Local, a ordenación do territorio, os  
29 servizos públicos e os coidados, o sector produtivo e industrial, a ciencia, a lingua, a  
30 cultura ou a seguridade e tráfico, alén dun novo marco financeiro que nos permita ter a  
31 chave dos nosos cartos. Trátase, en definitiva, de ter máis poder político, máis  
32 ferramentas para dar solucións e repostas aos problemas que ten o noso pobo e mellorar  
33 as condicións de vida colectivas e individuais de galegos e galegas. Dar este debate de  
34 maneira pedagóxica e tendo en conta a realidade do País é vital para xerar maior  
35 consciencia nacional e contribuír a unha análise que explique que moitas das eivas e  
36 problemas do noso desenvolvemento económico, social e cultural do País teñen orixe na  
37 nosa dependencia política.

38 En paralelo a esta reivindicación, tamén debemos xerar contradicións no PP en relación ao  
39 seu falso galeguismo, impulsando o debate sobre o desenvolvemento do actual estatuto  
40 que nunha parte relevante segue incumprido, con 30 ámbitos competencias que non foron  
41 transferidos e sen que se impulsase de maneira efectiva a creación dunha Policía Galega  
42 recollida no artigo 27 do EAG. Este debate debe evidenciar como o PP está freando o



1 avance do autogoberno e cada vez está máis ancorado en posicións centralistas que van  
2 en contra dos intereses da Galiza.

### 3 **Por un modelo de concerto económico para Galiza**

4 Galiza afronta un debate transcendental para o seu futuro: a necesidade de superar o  
5 actual modelo de financiamento e camiñar cara á súa “soberanía fiscal” a través da  
6 implantación dun modelo de concerto económico. No substancial, non se trata dun debate  
7 técnico-financeiro, senón político: o debate sobre a plurinacionalidade do estado español  
8 e modelo de servizos públicos que queremos para o noso país. Tampouco é un debate  
9 novo. É unha reivindicación que, máis ou menos concretada, subxace nos postulados  
10 teóricos do nacionalismo galego desde Brañas pasando polas Irmandades da Fala e o  
11 Partido Galeguista –con Bóveda á cabeza– até chegar aos nosos días coa reivindicación  
12 dun modelo de concerto económico defendida polo BNG no ámbito político-institucional.

13 O actual Sistema de Financiamento de Réxime Común constitúe un dos sustentos  
14 fundamentais da ideoloxía centralista do Estado Español e aséntase sobre falacias que  
15 teñen por obxecto afondar na idea dun Estado benfeitor sen o cal a subsistencia da Galiza  
16 correría perigo, cando a realidade é xustamente a contraria.

17 Diante deste debate existen dous perigos evidentes: o inmovilismo e a involución. Seguir  
18 mantendo o Sistema de Financiamento Autonómico (SFA) aprobado en 2009 (e que leva  
19 unha década de atraso na súa obrigatoria actualización quinquenal), só valería para  
20 perpetuar un modelo inxusto e ineficaz que nin tan sequera garante os recursos precisos  
21 para manter os servizos públicos fundamentais competencia da Xunta da Galiza. Outro  
22 perigo sería que, cunha correlación de forzas diferentes no estado (ou a través dun acordo  
23 PSOE-PP) se aplicase unha reforma involutiva baseada nunha maior recentralización e  
24 debilitamento das competencias exclusivas, na cal Galiza, máis unha vez, volvera saír  
25 perdendo.

26 Ante estas posicións letais para Galiza, só o nacionalismo galego está a pór en riba da  
27 mesa unha proposta seria, rigorosa e que suporía un avance cualitativo e estratéxico para  
28 o país: o concerto económico.

29 A proposta do BNG pasa por desvendar a realidade evidenciando que non vivimos a conta  
30 da solidariedade do Estado, senón que os galegos e galegas vivimos por nós mesmo e  
31 mesmas e, pese as limitacións que o actual modelo nos impón, de fondas consecuencias  
32 negativas para o noso desenvolvemento económico, social e cultural. A diferenza política  
33 é substancial. No actual modelo o Estado é o que recada e decide que parte deses  
34 recursos nos devolve de xeito ademais condicionado e na proposta do BNG somos os  
35 galegos e galega as que asumimos a responsabilidade plena dos nosos tributos para,  
36 posteriormente, pactar co Estado unha achega que financie as competencias que este  
37 preste para Galiza.

38  
39 Un novo modelo de financiamento acaído á nosa condición nacional máis xusto, simple,  
40 transparente, estábel e suficiente para garantir uns servizos públicos de calidade. Un  
41 sistema con plena capacidade normativa e de xestión e de responsabilidade fiscal sobre  
42 todos os impostos soportados na Galiza para modificar os diferentes elementos que  
43 forman parte de todos e cada un dos impostos. Un sistema que inclúa unha xestión

1 galega do imposto de sociedades, que converta os tributos cedidos en propios e que  
2 dispoña de competencias plenas sobre a inspección fiscal para –entre outras cousas–  
3 perseguir, de xeito máis efectivo, aos grandes defraudadores. Un sistema que dotaría  
4 Galiza dunha Axencia Tributaria propia e dun novo sistema fiscal que, a diferenza do  
5 español, realmente contribuíse a corrixir desigualdades económicas e a redistribuír a  
6 riqueza e tamén, por suposto, que se dotase dun novo modelo de financiamento para os  
7 Concellos galegos, actualmente discriminados co sistema de reparto da Participación nos  
8 Ingresos do Estado (PIE). Ese novo sistema que precisa Galiza é, sen lugar a dúbidas, o do  
9 concerto económico.

#### 10 **4.5. REFORZAR A ESTRUCTURA ORGANIZATIVA LOCAL E COMARCAL E PREPARAR AS** 11 **ELECCIÓNS MUNICIPAIS**

12 As eleccións municipais de 2023 supuxeron a respecto do proceso municipal de 2019 un  
13 avanzo político tanto cuantitativo (en número e porcentaxe de votos) como cualitativo  
14 (incremento nas cidades, aumento de alcaldías, algunha tan simbólica como a da capital).  
15 Xunto a isto, os resultados acadados nas eleccións galegas deste ano permítenos  
16 afirmar que o BNG ten potencialidade para aumentar aínda máis a súa forza municipal nas  
17 vindeiras eleccións locais de 2027, sempre que desenvolvamos sen perder tempo as  
18 tarefas precisas para este ambicioso pero posíbel obxectivo. Preparar unhas eleccións  
19 municipais implica traballar desde agora para ampliar e organizar a nosa base.

20 Aumentar a nosa presenza institucional municipal é imprescindible para consolidar o  
21 nacionalismo como un firme proxecto político estratéxico, ancorado no territorio e na base  
22 social. Tamén o é para nos conformar como alternativa ao Partido Popular con  
23 capacidade para desenvolver políticas desde un goberno galego, con garantía de que  
24 estas poderán ser acompañadas socialmente.

25 A eleccións municipais do 2027 preséntanse, xa que logo, como a oportunidade de  
26 estender a presenza do BNG a máis concellos, presentando candidatura alí onde for  
27 posíbel e de reforzala onde xa estamos, comezando por onde somos forza de goberno e  
28 continuando polos concellos onde temos moitas posibilidades de ser goberno, sen  
29 descoidar todas aquelas localidades en que unha parte importante da veciñanza nos  
30 percibe como referentes locais; ao tempo que é unha oportunidade para avanzar no  
31 compromiso do cambio involucrando e decantando toda esa parte da sociedade que xa  
32 nos percibe como a alternativa real ao PP, e que cada vez máis acredita no proxecto  
33 transformador do BNG, tanto polo exemplo do traballo realizado como pola expectativa de  
34 que unha Galiza mellor é posíbel.

##### 35 **4.5.1. OBXECTIVOS CARA ÁS MUNICIPAIS DO 2027: MÁIS CONCELLOS BNG**

36 O BNG debe afrontar a preparación das vindeiras municipais aspirando a ter presenza na  
37 práctica totalidade dos concellos do país, sen limitacións previas. Para o cal, temos que  
38 mellorar a implantación da organización a nivel local e a orientación do traballo político  
39 cara ás próximas municipais para aproveitar ao máximo a potencialidade de apoio social  
40 demostrada no avance dos últimos procesos electorais, nomeadamente as autonómicas.

41 Resulta prioritario aumentar o número de alcaldías. Para iso, debemos comezar por  
42 consolidar todas as que temos e marcármolos como obxectivo alcanzar a alcaldía en

1 todos aqueles concellos onde a evolución das últimas eleccións nos sitúa con  
2 perspectivas de optar a ela.

3 Debemos tamén presentar un maior número de candidaturas e incrementar a nosa  
4 representación en todos os concellos da Galiza. O BNG conta na actualidade con 591  
5 concelleiros e concelleiras en 224 concellos. Temos por tanto, que sistematizar o traballo  
6 político, social e organizativo co obxectivo tanto de incrementar o número de listas  
7 municipais, como de lograr aumentar substancialmente, con toda a ambición, os  
8 resultados de representación municipal.

#### 9 **4.5.2. TRABALLO POLÍTICO E ORGANIZATIVO CARA ÁS ELECCIÓN MUNICIPAIS DE 2027**

##### 10 **Revisar e avaliar o traballo desenvolvido a nivel local**

11 Cando menos arredor do ecuador do mandato, cómpre analizar e avaliar o traballo  
12 desenvolvido e os obxectivos acadados, así como definir, para o resto do mandato,  
13 obxectivos, estratexia e traballo político que corrixa os posibles erros ou omisións, afiance  
14 acertos, mellore a introdución social e sirva para o avance do BNG.

##### 15 **Fortalecer o BNG como proxecto útil para os concellos**

16 É o momento de definir o concello que queremos, o concello posible a partir da situación  
17 actual coas deficiencias, fortalezas e oportunidades que identificamos, para transformalo  
18 nun concello que funcione como parte dun país e con forte dinamismo no económico, no  
19 social e no cultural. O BNG local trasladará á veciñanza a idea de que ten capacidade para  
20 xestionar con eficacia e transparencia en orde a mellorar a vida das persoas e construír un  
21 concello atractivo para vivir e para traballar.

##### 22 **Fortalecer o BNG como proxecto aberto**

23 A nivel municipal e despois de analizar cada caso concreto a nivel local e comarcal, o BNG  
24 dará pasos políticos encamiñados a referenciarlos como alternativa, procurando clarificar  
25 o escenario e evitando a fragmentación electoral.

##### 26 **Plan de traballo Municipais 2027**

27 Os organismos nacionais e comarcais elaborarán un plan nacional de traballo municipal  
28 2025-2027 con medidas específicas orientadas a mellorar a organización, estender a  
29 implantación do BNG a nivel territorial, aumentar o traballo político arredor da política  
30 local, tanto a nivel social como a nivel de elaboración de alternativas municipais.

##### 31 **Gobernos e cogobernos municipais**

32 As nosas alcaldías, así como as áreas do BNG nos cogobernos, son exemplos de políticas  
33 innovadoras e transformadoras, e estas deben ser referentes para a veciñanza de todo o  
34 noso país.

##### 35 **Atender a realidade concreta do territorio**

36 Todos os concellos son importantes para nós. Porén, a nosa estratexia non pode ser  
37 idéntica en cada un deles. Así, como se comprobou nas eleccións galegas de febreiro de  
38 2024, as cidades e máis os municipios que conforman as súas áreas funcionais teñen un  
39 gran potencial de medre electoral para o nacionalismo. Tamén o son pola súa referencia  
40 territorial, as cabeceiras de comarca e as vilas de máis de dez mil habitantes. O BNG  
41 adoptará as medidas necesarias para definir unha estratexia que nos sitúe como

1 alternativa, apoiando o traballo político local coa presenza de representantes nacionais e  
2 promovendo desde a area nacional de municipal a coordinación periódica dos grupos  
3 municipais das cidades co obxecto de unificar propostas e coordinar alternativas.

4 Pola súa banda, en todos os concellos de menor poboación, do interior e rurais temos  
5 posibilidade de mellorar os resultados e a representación acadada nas pasadas eleccións  
6 municipais. É tarefa dos órganos comarcais en coordinación coa área nacional de política  
7 municipal a fixación dunha estratexia nese sentido, comezando por aqueles concellos  
8 (tiveramos representación ou non) en que nos últimos dous anos se constatou un  
9 potencial electoral por aproveitar. En todo caso, apoiarase o traballo político local e  
10 comarcal coa presenza de representantes nacionais do BNG.

11 A nosa guía de actuación nos concellos para o actual período 2023-2027, sendo goberno  
12 ou estando na oposición, está plasmada no Programa Marco das eleccións do ao 2023,  
13 concretadas nos programa locais. O noso traballo municipal encadrarase en tres liñas  
14 fundamentais:

## 15 **1. A denuncia das políticas da Xunta do PP e das limitacións do marco legal e político**

16 Tanto desde os nosos gobernos como sendo oposición, non só debemos traballar a prol  
17 da mellora do benestar veciñal, senón tamén desenmascar a responsabilidade do goberno  
18 do PP na escaseza de recursos con que se dota aos concellos para poder abordar a  
19 resolución das carencias en materia de infraestruturas, equipamentos, servizos (sociais,  
20 educativos, de prevención etc.) e o desleixo da Xunta en asumir as competencias e  
21 servizos que lle corresponden obrigatoriamente por lei e que día tras día deixa caer sobre  
22 as costas das e dos responsábeis municipais.

23 Ademais de traballar pola mellora da xestión pública da administración e dos servizos con  
24 criterios de calidade, transparencia e interese público e de promover a participación da  
25 veciñanza, o traballo desde o ámbito municipal debe ser entendido como clave para facer  
26 pedagogía social sobre os límites do marco legal e político e as consecuencias do  
27 centralismo e do neoliberalismo. Por iso, o BNG profundará na planificación, na  
28 argumentación e na posta en marcha de medidas como a recuperación da xestión directa  
29 de servizos públicos privatizados. Para iso é fundamental o estudo das experiencias  
30 exitosas e sistematizar o apoio aos gobernos do BNG que poidan seguir este camiño para  
31 sumar máis actuacións. Outra cuestión clave a socializar na veciñanza no contexto  
32 inmediato é todo o referente á limitación do marco de déficit, que afecta novamente á  
33 prestacións dos servizos municipais e públicos como xa pasou na crise financeira ao  
34 limitar as decisións económicas e a capacidade de gasto dos municipios en beneficio do  
35 Estado.

## 36 **2. Facer nación desde os concellos**

37 O traballo dos e das electas sexa desde os gobernos ou desde a oposición debe ter en  
38 segundo lugar en que servir para que o nacionalismo poida avanzar en todos os ámbitos  
39 sociais, culturais, organizativos... de aí a importancia de que desde os gobernos do BNG  
40 se aposte por pór en valor a nosa lingua, os nosos símbolos e a nosa historia de país.

1 Nesa liña, os gobernos e as áreas dos cogobernos nos cales participe o BNG promoverán,  
2 do xeito máis acorde coa súa realidade:

3

4 • Conmemorar as nosas efemérides nacionais (Día da Patria, Día das Letras Galegas,  
5 Día de Rosalía...), así como as de carácter local relevantes para a nosa historia.

6 • Normalizar a presenza de referentes e símbolos nacionais a través dos nomes de  
7 rúas, fitos conmemorativos (estatuas, murais...), presenza da bandeira nacional,  
8 etc.

9 • Promover o coñecemento a nosa historia, a nosa lingua ou a nosa cultura.

10 • Non participar en actos de exaltación relixiosa, militar, monárquica ou españolista.

11 • Fomentar o protagonismo veciñal na vida municipal, mediante o apoio ao tecido  
12 asociativo e a democracia participativa.

13

### 14 **3. Contribuír ao avance e visualización das causas xustas**

15 Para o BNG ningunha causa énos indiferente se atenta contra a dignidade e os dereitos  
16 das persoas e da natureza. Na nosa acción municipal contribuímos na medida das nosas  
17 posibilidades na solidariedade e apoio, mesmo aínda que sexa simbólico ás causas xustas  
18 da humanidade.

19

### 20 **4.6. FORTALECER O BNG COMO ALTERNATIVA DE GOBERNO AO PP**

21 O BNG chegou a consolidar nos últimos oito anos unha posición política central na  
22 sociedade galega, conseguindo resultados históricos na eleccións celebradas o 18 de  
23 febreiro de 2024. Unhas eleccións que consolidan un novo ciclo político que sitúa o BNG  
24 diante do reto de ser a única alternativa real de goberno fronte ao PP. Estamos nunha  
25 posición inmejorable para disputar a hexemonía política, conquistando cotas de poder  
26 que permitan transformar a sociedade, construír maior igualdade, benestar e  
27 desenvolvemento económico, así como avanzar para o obxectivo da liberdade e da  
28 normalización da nosa cultura e lingua propia.

29 A traxectoria ascendente do BNG desde as eleccións de 2016 explícase por un conxunto  
30 diverso de factores: o fortalecemento organizativo e o traballo da militancia, a coherencia  
31 no mantemento dos principios políticos e a firmeza na defensa dos intereses da Galiza, a  
32 flexibilidade para adaptarse a un contexto complexo e cambiante, a capacidade para  
33 dirixirse a amplos sectores da sociedade galega e sintonizar coas súas demandas ou o  
34 desenvolvemento de campañas electorais áxiles, atraentes e mobilizadoras.

35 O BNG está, pois, nunha traxectoria ascendente e nunha posición de fortaleza, mais isto  
36 obríganos a estar, se cadra, máis alerta, máis vixiantes; a ser máis esixentes e tamén a pór  
37 o máximo coidado no que facemos; a traballar máis e mellor, na definición da estratexia  
38 política, na cohesión interna e no fortalecemento organizativo, na implantación territorial,  
39 na capacidade de mobilización social, na interlocución coa cidadanía e na acción  
40 institucional.

41 A posición política relevante que ocupa o BNG no panorama político galego é un  
42 patrimonio que hai que saber administrar con humildade e, ao mesmo tempo, con  
43 ambición. Porque nos próximos tres anos temos por diante o reto de consolidarnos como  
44 alternativa sólida e solvente de goberno, como forza mobilizadora das esperanzas de



1 amplos sectores sociais, como instrumento do avance, de transformación e de  
2 modernización da Galiza en clave de democracia, participación, xustiza social e equidade.

3 A responsabilidade histórica que temos por diante reclama que deamos o mellor de nós,  
4 como organización e persoas que estamos ao servizo da sociedade galega. Esixe que  
5 sexamos conscientes do papel que corresponde ao nacionalismo como parte dun  
6 proceso histórico e na conxuntura actual. E require que sexamos quen de seguir  
7 ampliando o proceso de acumulación de forzas, de interlocución e diálogo con amplos  
8 sectores da sociedade galega, desde unha actitude de escoita activa, de esperanza e de  
9 confianza nas enormes potencialidade que ten o noso país. Temos que dirixirnos a unha  
10 maioría social que ten sentimentos de pertenza, que se identifica sentimental ou  
11 politicamente con Galiza, que quere o seu país, e que ten que percibir que quen mellor  
12 defende os seus intereses é o nacionalismo galego.

13 Tamén cómpre dirixirse prioritariamente á maioría social que ve cada vez máis  
14 dificultadas as súas condicións de vida: aumento de prezos (especialmente na vivenda),  
15 precariedade, explotación, etc., e de todas as persoas que combinado con isto sofren  
16 diferentes formas de opresión (machismo, racismo, LGTBfobia...) situándonos como  
17 alternativa antagónica a un goberno e a un modelo social ao servizo das élites  
18 económicas, e como encarnación dos intereses populares.

19 Precisamos trasladar á sociedade galega que o BNG é unha alternativa sólida, solvente,  
20 con capacidade de goberno, con propostas viábeis, rigorosas e transformadoras en  
21 defensa da nación e das súas maiorías sociais.

22 Temos que dar un paso adiante na elaboración e na maduración das nosas alternativas,  
23 priorizando propostas máis concretas, elaboradas en diálogo cos diferentes sectores e co  
24 apoio de equipos de persoas con experiencia profesional, de goberno e/ou do activismo  
25 social.

26 Precisamos dotarnos dun mellor coñecemento da administración, das súas posibilidades  
27 e das súas eivas e límites, das necesidades de reformas que permitan aproveitar ao  
28 máximo o seu potencial, das mudanzas precisas para erradicar o clientelismo e garantir  
29 os máximos niveis de equidade, de transparencia, de participación e de democracia.

30 Debemos ser conscientes de que temos moito, todo por gañar. Que o país non pode  
31 agardar máis, que precisa do nacionalismo para defenderse e proxectarse cara ao futuro.  
32 Que existe unha parte importante da sociedade galega, entre ela os sectores máis  
33 dinámicos, que depositou no BNG a esperanza dun cambio ilusionante e transformador. O  
34 BNG ten que proxectarse como a grande forza mobilizadora das arelas dun pobo, o  
35 instrumento para avanzar, con todas as dificultades e limitacións do actual marco político,  
36 cara á superación definitiva do actual status político, dando pasos na dirección da  
37 construción dun país construción dun país máis dono de si, máis libre, máis próspero e  
38 máis xusto.

39 No curto prazo, chegar ao goberno da Xunta é un obxectivo básico non só para mellorar as  
40 condicións de vida do pobo galego, senón tamén como un paso relevante para  
41 incrementar a autoestima colectiva que permita a transformación do sentimento de  
42 identidade galega da maioría da nosa poboación en decantación política nacionalista.

#### 1 **4.7. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO BNG NO PARLAMENTO GALEGO**

2 O BNG ten un novo papel no Parlamento galego reforzado, como principal forza da  
3 oposición, como alternativa real de goberno ao PP. O principio da nova lexislatura xa puxo  
4 de relevo a maior potencialidade de actuación política do BNG, e a súa capacidade para  
5 marcar a axenda política galega.

6 A actuación do BNG no parlamento galego debe conciliar dúas liñas complementarias. En  
7 primeiro lugar, o papel de oposición firme e esixente, o labor de control e fiscalización do  
8 goberno, a denuncia dos abusos, das corruptelas e da utilización partidista e clientelar das  
9 institucións de goberno polo PP. En definitiva, a marcaxe e caracterización do goberno do  
10 Partido Popular na Galiza como máis servil aos intereses do PP madrileño e como axente  
11 comercial ao servizo das grandes empresas que espolian os recursos e a riqueza do noso  
12 país (pódense pór todos exemplos que se queiran, desde ENCE a ALTRI, pasando polas  
13 eléctricas).

14 En segundo lugar, o noso papel como alternativa de goberno, de maneira que con cada  
15 crítica formulemos unha proposta, un proxecto serio, solvente e viábel. Isto require, como  
16 dixemos máis arriba, dar un paso adiante na elaboración do proxecto alternativo e das  
17 propostas concretas, nun traballo de dobre dirección en coordinación con organizacións  
18 do ámbito nacionalista, con organizacións e movementos sociais, cos sectores  
19 profesionais e económicos, co aval das nosas experiencias exitosas de goberno e co  
20 apoio de persoas expertas e coñecedoras dos diferentes ámbitos. Debemos ofrecer  
21 alternativas pensadas desde e para Galiza, que estuden os proxectos máis innovadores e  
22 avanzados do mundo, mais sempre adaptados á nosa propia realidade e evitando  
23 mimetismos.

24 En terceiro lugar, pero non menos importante, temos que amplificar o papel do parlamento  
25 como caixa de resonancia das preocupacións e demandas da sociedade, así como das  
26 necesidades do territorio coa súa diversidade e problemas concretos. Traballar para  
27 transformalo nunha institución máis áxil, máis aberta e máis próxima ás preocupacións da  
28 cidadanía. Desde a consciencia de que a actividade institucional non pode ser un fin en si  
29 mesmo e tampouco un espazo de representación e de debate desconectado da  
30 sociedade.

#### 31 **4.8. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO BNG NO CONGRESO E NO SENADO**

32 Sempre a actuación do BNG nas Cortes tivo como eixo artellador a defensa dos intereses  
33 da Galiza e así debe continuar a ser. Sendo o contexto difícil, o correcto é aproveitar as  
34 contradicións que existen entre os partidos do réxime para colocar no centro aquilo que  
35 ás maiorías sociais do noso País demandan e medidas que signifiquen avances en  
36 dereitos sociais, cívicos e democráticos. Isto implica chegar a acordos puntuais, desde  
37 que os achemos beneficiosos para o noso país, mantendo sempre a independencia de  
38 criterio e a liberdade de posición e de voto.

39 É o que sempre veu facendo o BNG. Nestas dúas últimas lexislaturas en que, para alén  
40 dos acordos de investidura que ao BNG só vinculan a ese momento inicial, actuamos en  
41 cada caso segundo a valoración positiva ou negativa feita das decisións a adoptar. Nesa

1 liña, fomos moi críticos e votamos en contra de políticas de recortes sociais (como as tres  
2 reformas das pensións) ou de evidentes incumprimentos dos partidos do Goberno (PSOE-  
3 UP/Sumar) como no caso da non derogación da reforma laboral do Partido Popular.  
4 Opuxémonos a orzamentos gravemente lesivos para a Galiza, ao aumento exponencial do  
5 gasto militar ou á escalada belicista en que está embarcado o Goberno español ao servizo  
6 da OTAN e dos intereses estadounidenses. Ao mesmo tempo, impulsamos medidas  
7 positivas, de avances en dereitos, sempre cos intereses da Galiza como horizonte.

8 O BNG non ten un acordo de lexislatura, nin é socio do PSOE, nin apoia o goberno de  
9 Pedro Sánchez. Asinamos un Acordo de Investidura e o BNG xa cumpriu a súa parte.  
10 Agora a principal exigencia é que o Goberno cumpra coa Galiza, aplicando en tempo e  
11 forma as medidas nel recollidas. A partir de aí, apoiamos o que consideramos positivo  
12 para o noso país e as clases populares e rexeitamos as políticas que implican recortes  
13 sociais ou retrocesos, ofrecendo sempre alternativas.

14 Neste contexto, en que as forzas soberanistas teñen capacidade de colocar debates na  
15 axenda política do Estado, a posición do BNG debe ser a de aproveitar a oportunidade  
16 para que aqueles elementos que nos interesan e que poden contribuír para o crecemento  
17 da consciencia nacional e para o fortalecemento da Galiza como nación estean tamén  
18 presentes na sociedade galega.

19 Estamos a falar de cuestións como un novo modelo de financiamento baseado no  
20 concerto que acabe co espolio fiscal do noso país, de avances no uso e normalización da  
21 nosa lingua no ámbito da administración do Estado ou mesmo da necesidade dun novo  
22 marco xurídicopolítico para as nacións, que recoñeza a Galiza como tal e que blinde as  
23 competencias após facelas efectivas. Esta é unha cuestión que, ao que todo apunta, vai  
24 abrir nos próximos tempos o País vasco.

25 Mais tamén é prioritario colocar o foco no espolio que está a sufrir o noso País como  
26 consecuencia da dependencia política. Especialmente no sector eléctrico e con  
27 numerosos proxectos de enerxía eólica na terra e no mar para maior lucro de grandes  
28 empresas enerxéticas que levan os lucros para fóra e pagan os impostos en Madrid.  
29 Tamén en relación co modelo de industrialización colonial e extractivista que nos  
30 pretenden impor con proxectos como Altri, a mina de Touro ou as numerosas  
31 prospeccións de minaría que se están a desenvolver por todo o País. E aínda, o apoio aos  
32 nosos sectores produtivos básicos, especialmente os complexos mar-industria e  
33 agroindustria.

34 Para alén disto, no momento actual é imprescindíbel manter unha activa política  
35 antiimperialista e de defensa da Paz fronte á escalada belicista en que está embarcado o  
36 Estado español ao mandado da OTAN; denunciar o aumento exponencial do gasto militar  
37 que, para alén do máis, implica retraer recursos necesarios para políticas sociais, e instar  
38 o Goberno español a abandonar a hipocrisía e a dupla vara de medir nos conflitos  
39 internacionais. Especialmente en relación co xenocidio que o sionismo está a cometer en  
40 Palestina, rompendo todo tipo de relacións con Israel e impulsando a acción da Corte  
41 Penal Internacional contra a cúpula sionista por limpeza étnica, xenocidio e crimes de  
42 guerra e de lesa humanidade.

#### 43 **4.9. LIÑAS DE ACTUACIÓN DO BNG NO PARLAMENTO EUROPEO**

1 O BNG no Parlamento Europeo seguirá afondando nas seguintes liñas de traballo:

2 **Defender a Galiza como Nación en Europa**

3 A presenza directa do BNG nas institucións europeas, malia as súas limitacións, serve  
4 para reivindicar o recoñecemento da existencia política da Galiza como nación e o seu  
5 dereito a decidir por si propia, así como esixir participación directa nos foros onde se  
6 tomen decisións que lle afecten. O BNG traballará no camiño da construción dun modelo  
7 internacional de cooperación, a partir do respecto á soberanía das nacións e dos pobos,  
8 das relacións económicas xustas e reciprocamente beneficiosas, da paz e do non  
9 militarismo e da defensa da democracia.

10 **Denunciar o papel da UE**

11 Na liña das nosas análises, denunciar o papel da UE como institución creada ao servizo do  
12 capital transnacional e das oligarquías dos estados que a compoñen, a custa dos dereitos  
13 das nacións e das súas maiorías sociais.

14 **Apoio aos sectores produtivos, a cohesión territorial e a sustentabilidade medio  
15 ambiental e enerxética na Galiza**

16 Ante a política económica da UE antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado  
17 de nacións como Galiza, será unha prioridade a defensa da nosa capacidade produtiva,  
18 esixindo unha modificación radical da Política Agraria Común, e da Política Pesqueira  
19 Común para garantir a soberanía sobre a zona de competencia da Xunta e a Zona  
20 Económica Exclusiva, que responda ás necesidades e especificidades da Galiza. Tamén a  
21 esixencia da inclusión inicial da Galiza no Corredor Atlántico da Rede Transeuropea de  
22 Transportes ou as conexións modernas con Portugal.

23 Fronte á errónea idea xeneralizada de que as normativas e as políticas europeas  
24 presentan un perfil moi avanzado na protección do ambiente e o desenvolvemento  
25 sustentábel, temos moitos e significativos exemplos de que fican subordinadas aos  
26 intereses das grandes transnacionais que exercen un forte poder lobístico sobre o seu  
27 deseño. Poremos empeño na denuncia do impulso e complicidade da UE con políticas  
28 moi agresivas co noso territorio, como son os macroproxectos de enerxía eólica terrestre  
29 e mariña, a macrocelulosa de Altri, a eucaliptización ou a megaminería.

30 **Defensa da liberdade, os dereitos humanos, a democracia e o antifascismo**

31 O BNG seguirá a denunciar que a Unión Europea non é democrática, tanto porque os seus  
32 principais centros de decisión actúan á marxe de poderes públicos con lexitimidade  
33 democrática, como por adoptar decisións baseadas en procedementos opacos,  
34 permeábeis á influencia de lobbies que representan os intereses das grandes  
35 corporacións económicas. Así mesmo, seguiremos a denunciar o avance do neofascismo  
36 en Europa.

37 **Pola Paz, o internacionalismo e contra as políticas de guerra e o antiimperialismo**

38 O BNG impulsará no Parlamento europeo unha política e unhas relacións internacionais  
39 baseadas na paz, na solidariedade, no multilateralismo e na solidariedade e unha relación  
40 en pé de igualdade entre pobos baseada no dereito de autodeterminación.

1 Manteremos unha posición contraria ao papel subordinado da UE ao expansionismo  
2 estadounidense, aliñándose a UE coas posicións imperialistas e as ocupacións e  
3 invasións ilexítimas, reforzando o papel de colaboradora necesaria nas agresións militares  
4 capitaneadas pola OTAN e os USA, contribuíndo desde a UE a unha orde internacional  
5 desigual e xerarquizada.  
6  
7 Defenderemos a non inxerencia e non intervención e de oposición ás agresións, ameazas  
8 e sancións contra pobos soberanos, co pacifismo e o antimilitarismo como bandeira e as  
9 relacións de solidariedade cos pobos oprimidos, así como o desenvolvemento dunha  
10 política internacionalista no marco do Parlamento Europeo alternativa á que desenvolve a  
11 UE. Continuaremos a denunciar o xenocidio contra o pobo palestino e a situación doutros  
12 pobos irmáns como o pobo saharauí, o pobo do Curdistán, os pobos de América Latina e  
13 do Caribe no marco da asemblea paritaria Eurolat e as relacións bilaterais que ten o BNG.  
14 Así mesmo, continuaremos a manter un marco de relacións políticas e diplomáticas con  
15 gobernos, embaixadas, nacións sen estado e tamén con outras forzas políticas  
16 nacionalistas, soberanistas e de esquerda da Eurocámara cos que temos estreitas  
17 relacións políticas.

## 1 TESE ORGANIZATIVA

### 2 INTRODUCCIÓN

3 Desde a XVII Asemblea Nacional, a nosa organización experimentou un importante medre  
4 no que atinxe ao número de militantes que se incorporaron ao BNG. Do mesmo xeito,  
5 tamén se deron pasos adiante nunha maior e mellor estruturación da nosa organización  
6 ao longo do País, coa creación de novas asembleas locais. Con todo, debemos ser  
7 conscientes de que fica moito por facer, especialmente no que respecta á implantación  
8 territorial do BNG e melloras de funcionamento, para termos unha organización máis  
9 fortalecida.

10 Os desafíos que temos por diante obríganos necesariamente a reflexionarmos a  
11 respecto do papel fundamental que xogamos como organización e da importancia de  
12 manter un BNG vivo e activo no traballo político e social en defensa dos intereses da  
13 Galiza.

14 Coa experiencia acumulada, podemos afirmar que a aposta polo modelo frontista,  
15 asembleario e participativo segue sendo unha das nosas principais fortalezas. O  
16 compromiso militante de milleiros de compañeiras e compañeiros en toda Galiza e na  
17 diáspora son o motor que nos impulsa. A organización do BNG constrúese e aliméntase  
18 do traballo cotiá e da dedicación das e dos militantes. Este é un valor fundamental da  
19 nosa organización, e como tal debemos coidalo e preservalo no día a día.

20 No proceso de optimizar a estrutura organizativa do BNG, a continuación expóñense  
21 algúns aspectos clave nos que debemos seguir afondando, evitando repeticións e tendo  
22 en conta a total relevancia das análises e decisións ratificadas nas teses da XVII  
23 Asemblea Nacional.

### 24 25 **1. POR UNHA IMPLANTACIÓN TERRITORIAL MÁIS MASIVA QUE GARANTA UNHA** 26 **MAIOR INTRODUCCIÓN SOCIAL DO BNG. O PAPEL DA MILITANCIA NACIONALISTA.**

27 Ampliarmos a implantación territorial do BNG é un elemento fundamental para  
28 asegurarmos unha organización verdadeiramente efectiva. A día de hoxe contamos cunha  
29 estrutura de implantación desigual ao longo do territorio, na cal é necesario pór todos os  
30 esforzos para o seu reforzamento.

31 Será tarefa prioritaria no vindeiro proceso interasamblear trazar unha estratexia que  
32 implique non só establecer unha maior e mellor estruturación do BNG coa creación de  
33 novas asembleas locais, avanzando no mapa comarcal para ter unha organización que se  
34 adecúe no posíbel á realidade comarcal do País e fomentando unha presenza e  
35 participación activa maior do BNG nos movementos e loitas sociais. Elaborarase un plan  
36 de implantación territorial, dotado de medios persoais e materiais, con base na  
37 organización comarcal existente, co obxectivo de conseguir crear o maior número de  
38 asembleas locais. Esta estratexia debe ir encamiñada a incrementar e mellorar a  
39 implantación territorial e a estrutura organizativa, sobre todo nas comarcas onde temos  
40 unha situación máis feble. Para a execución deste traballo, alén das funcións de



1 responsábeis orgánicos, é importante a participación e implicación efectiva dos cargos  
2 institucionais do BNG en cada comarca,co fin de favorecer a interlocución social.  
3 Neste contexto, a militancia nacionalista xoga un papel fundamental. Cada militante é  
4 unha peza esencial na efectivización e transmisión do noso traballo político. Sen o  
5 compromiso e dedicación da militancia, a organización non pode funcionar de maneira  
6 efectiva. Cada militante, co seu propio contexto e experiencias, enriquece a nosa  
7 organización e achega unha visión única que fortalece o conxunto deste proxecto  
8 colectivo. A súa implicación na organización e na vida política diaria é esencial para que o  
9 BNG siga medrando e avanzando. É esta interconexión entre militancia e organización a  
10 que permite que o noso traballo político teña un impacto real e duradeiro no pobo galego,  
11 para avanzarmos cara a unha maior consciencia nacional.

12 Do mesmo xeito e no que ten a ver coas finanzas, debemos ver o BNG como unha  
13 organización única, tendo en conta o compromiso, tamén no aspecto económico, que  
14 adquirimos a militancia no seu conxunto, así como no relativo ao cumprimento da carta  
15 financeira por parte dos cargos institucionais. Cómpre ter presente sempre o carácter  
16 solidario que deben ter as finanzas no seo da organización. Así foi que o BNG superou  
17 etapas de dificultade nas cales a adopción dun esquema de traballo político  
18 fundamentado no compromiso militante foi decisivo para facelo posíbel.

19 Por outra parte, e tendo en conta que a realidade do mapa social actual, onde a poboación  
20 inmigrante está tomando cada día máis peso, require unha especial atención pola nosa  
21 parte para á súa integración no país, comezando polo achegamento á nosa lingua, cultura  
22 e historia e a súa implicación no obxectivo da defensa da soberanía para Galiza.

## 23 **2. POLA MELLORA DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS LOCAIS E COMARCAIS.** 24 **ATENCIÓN Á INTEGRACIÓN DA MILITANCIA.**

25 Consegur mellorarmos o funcionamento dos órganos locais, comarcais e da asemblea da  
26 Emigración do BNG é esencial para garantir unha resposta áxil e eficaz ante o traballo  
27 político que temos que desenvolver, ao tempo que é tamén unha cuestión relevante á hora  
28 de favorecer a activación e participación da militancia.

29 Os órganos locais e comarcais son os cimentos da nosa organización, onde se articulan  
30 as propostas, as análises e a toma de decisións neses ámbitos territoriais, fundamentais  
31 para o traballo político que o BNG desenvolve día a día. É esencial que estes espazos de  
32 participación sexan dinámicos e non rutineiros, fomentando un ambiente que convide á  
33 participación e ao contraste de ideas. A integración da nova militancia no BNG é un  
34 proceso fundamental para revitalizar a fronte patriótica e asegurar a continuidade do noso  
35 proxecto político. É importante crear un ambiente acolledor e participativo que facilite a  
36 incorporación destas novas compañeiras e compañeiros, promovendo un sentido de  
37 pertenza desde o primeiro momento.

38 Neste aspecto, as compañeiras e compañeiros que ostentan cargos orgánicos nos  
39 ámbitos locais e comarcais teñen unha tarefa moi relevante. Como responsábeis políticos  
40 da organización no territorio, o seu labor implica non só liderar e motivar a militancia,  
41 senón tamén establecer canles de comunicación fluídas entre os diferentes órganos e a  
42 base militante, promovendo a participación activa. A militancia opinará, debaterá e

1 decidirá nas asembleas as liñas de actuación comarcais e locais, con especial atención ás  
2 que atinxen os grupos municipais.

3 No que respecta aos órganos de dirección local e comarcal, cómpre termos sempre  
4 presente o seu papel como dirección política, polo tanto cunha importante  
5 responsabilidade á hora da toma de decisións e deliberacións que neles se realizan.  
6 Desde o proceso de altas e baixas na organización, pasando polas análises de contexto  
7 político até a concreción das liñas de traballo a desenvolver, cómpre ter presente que os  
8 órganos locais e comarcais actúan politicamente en todo momento e toda decisión  
9 adoptada debe ser avaliada desde o punto de vista político. Cómpre, por tanto, evitar a  
10 distorsión que supón a visión meramente administrativa dos órganos do BNG e do papel  
11 que desempeñan. Neste sentido, no vindeiro período interasemblemarse a nosa organización  
12 dotarase dun protocolo claro e conciso de deberes, dereitos e funcionamento dos cargos  
13 orgánicos e institucionais, con especial referencia ás relacións entre os cargos orgánicos  
14 e os grupos municipais en base aos acordos da XVIII Asemblea Nacional. Non entanto, a  
15 dirección nacional, nomeadamente no relativo ás relacións coas persoas que a integran  
16 ou cos membros dos parlamentos, velará polo cumprimento das normas aprobadas na  
17 XVI Asemblea, incluídas as que se concretaron ou desenvolveron en circulares  
18 posteriores.

19 Así mesmo, aínda que unha tarefa importante destes órganos é a de facer seguimento e  
20 fixar posicións da nosa actividade institucional, debemos evitar que isto monopolice a  
21 maior parte do traballo en detrimento do traballo propio da organización e do impulso ao  
22 traballo social.

23 Por último, cómpre detérmonos na importancia que para o BNG ten a rede de  
24 simpatizantes. A súa existencia é necesaria e valiosa para a nosa organización, xa que  
25 contribúen a expandir a nosa base social. Cómpre seguirmos mellorando a comunicación  
26 e información ás persoas simpatizantes, tendo presente que representan un apoio  
27 fundamental que axuda a dar visibilidade ao BNG.

28 Porén, termos presente a distinción entre a figura da persoa militante e a da persoa  
29 simpatizante, é tamén algo importante. Atendendo á heteroxeneidade da condición desta  
30 figura e co ánimo de naturalizar e promover a súa participación no seo da organización, o  
31 Consello Nacional, no vindeiro período interasemblemarse, elaborará un documento que  
32 aborde esta cuestión.

33  
34 Na liña de contribuír á mellora do funcionamento dos órganos locais e comarcais, no  
35 vindeiro proceso interasemblemarse o BNG editará un manual para cargos orgánicos, así  
36 como o mantemento de reunións periódicas de responsábeis comarcais e locais, algo que  
37 se verificou como eficaz na experiencia dos últimos anos.

38

### 39 **3. POLO IMPULSO Á FORMACIÓN DA NOSA BASE MILITANTE E CARGOS ORGÁNICOS E** 40 **INSTITUCIONAIS**

41 A formación é para o BNG un dos eixos fundamentais de actuación política. É un dos  
42 elementos capaz de construír ao longo do tempo a mellor das organizacións posíbeis.  
43 Será a formación o garante de contar con militancia mellor preparada, así como tamén do

1 resultado político a desenvolver polos nosos cadros políticos nos distintos ámbitos de  
2 actuación.

3 É preciso, polo tanto, continuar co camiño iniciado durante este período interasemblar en  
4 todo o que ten a ver coa Escola de Formación, aberta a toda a militancia, mais facendo  
5 posíbel que se aborden temas e retos que a realidade social, económica..., vai colocando  
6 diante de nós. As formas de intervención social ou de relacionarnos con unha sociedade  
7 cambiante, a forma de actuar politicamente, ou mesmo de como difundir a nosa proposta  
8 política; son cuestións de enorme relevancia para unha organización como o BNG e nos  
9 cales tamén temos que formarnos.

10 O compromiso en todo o que ten a ver con temas cruciais para o nacionalismo (historia,  
11 lingua, aspectos sobre a nosa realidade nacional...), a súa difusión, o seu coñecemento por  
12 parte de toda base social organizada no BNG, así coma a todos os seus cadros políticos,  
13 facendo fincapé naquelas e naqueles de nova incorporación e nas e nos responsábeis  
14 orgánicos, serán tema de traballo formativo a que cómpre dar continuidade a través das  
15 xa instauradas xornadas de formación. Así mesmo, na planificación do traballo formativo  
16 terase en conta a necesidade de trasladar as formacións a comarcas ou grupos de  
17 comarcas para favorecer a asistencia da militancia e responsábeis, ademais daquelas que  
18 se poidan fornecer dixitalmente.

19 Do mesmo xeito, no camiño da avanzarmos máis no aspecto formativo, o BNG dotarase  
20 das ferramentas precisas para poder pór á disposición da nosa base militante todas  
21 aquelas experiencias, traballos ou documentos que poidan servir para contribuír ao  
22 ámbito da formación política. Neste senso, debemos continuar a desenvolver e impulsar a  
23 participación e contribución da Fundación Galiza Sempre, como “laboratorio de ideas”  
24 fundamental para o BNG.

#### 25 **4. A IMPLICACIÓN DA MOCIDADE NA ORGANIZACIÓN**

26 É unha realidade que a día de hoxe o nacionalismo galego é a opción maioritaria –cando  
27 menos a nivel electoral– entre a mocidade galega. Unha realidade que non podemos nin  
28 debemos obviar, pois a mocidade é de vital importancia para manter vivo o proxecto  
29 político do BNG, xa que será quen vaia dando o relevo e mantendo o traballo tanto político  
30 como organizativo, quer a nivel local, comarca ou nacional.

31 Esta tendencia tamén repercute no aumento de mocidade organizada no BNG e en Galiza  
32 Nova nos últimos tempos, o cal demóstrase tanto no aumento do traballo militante a nivel  
33 xuvenil como na boa acollida das campañas e propostas que o nacionalismo galego  
34 desenvolve por e para a mocidade. Boa parte desta liña ascendente débese tamén ao  
35 esforzo por manter unha boa relación entre a fronte e a súa organización xuvenil, ao  
36 respecto do BNG pola acollida das propostas de Galiza Nova e ao esforzo por situar  
37 militantes novas en postos de responsabilidade (tanto orgánicas como institucionais).

38 Neste sentido, é fundamental seguir mantendo este camiño: escoitar a mocidade  
39 organizada, seguir achegando solucións aos problemas da xente moza deste país e  
40 integrar máis a mocidade na dinámica do BNG. Para acadar estes obxectivos, é imperativo  
41 mellorar cuestións organizativas e dinámicas que permitan manter a coordinación como:

- 1  
2 • Dentro da autonomía de Galiza Nova, seguir apoiando e favorecendo o  
3 desenvolvemento do traballo político da organización xuvenil a todos os niveis. Isto  
4 garantirá a retroalimentación positiva entre ambas organizacións.  
5 • Manter un diálogo constante coa organización xuvenil e seguir garantindo a  
6 participación da mocidade nos órganos comarcais e locais. Deste xeito, ditos  
7 órganos coñecerán cal é o traballo que a mocidade está desenvolvendo e poderá  
8 apoialo na medida que se requira.  
9 • Seguir desenvolvendo desde o BNG políticas pensadas para a mocidade e coidar as  
10 propostas, xa sexan políticas ou organizativas, que emanen da xente moza e que se  
11 dirixan á xente moza, tanto para seguir mantendo a posición de opción maioritaria  
12 como para fortalecer e agrandar o número de mocidade organizada que se  
13 transforme nunha maior capacidade de traballo de Galiza Nova e, por extensión, da  
14 fronte.

## 15 **5. UN BNG COMPROMETIDO CO FEMINISMO E OS DEREITOS DAS PERSOAS LGBT.**

16 Na XVI Asemblea Nacional actualizabamos a Carta de principios do BNG reforzando o  
17 compromiso co feminismo como ferramenta para a superación do patriarcado e toda  
18 violencia que se exerce contra as mulleres, persoas trans e non heterosexuais. Co  
19 obxectivo de avanzar nesta liña, na XVII Asemblea Nacional incorporamos estratexias de  
20 actuación organizativa específicas para construír unha organización máis feminista que  
21 incorpore dinámicas organizativas favorecedoras, axudar a intervir nos privilexios da  
22 masculinidade hexemónica, superar dinámicas patriarcais e favorecer unha maior  
23 participación das mulleres.

24 As propostas de actuación entón recollidas teñen plena vixencia e deben ser tidas en  
25 conta nos próximos anos. Ademais, neste período analizamos distintas realidades ante as  
26 que cómpre deseñar actuacións concretas:

- 27  
28 • Intervir ante o ciclo de desmobilización e a estatalización dos debates impulsando  
29 a autoorganización feminista e o reforzo da axenda feminista galega a través dunha  
30 estratexia de coordinación periódica e constante coa Marcha Mundial das Mulleres  
31 e as organizacións do movemento nacionalista.  
32 • Intervir ante aedulcoración da axenda feminista nas institucións e combater  
33 calquera distorsión que busque diluír a loita pola igualdade ou a violencia machista  
34 en marcos que non sinalen o patriarcado como un sistema organizado para a  
35 dominación das mulleres. Para iso, reforzaremos a concreción das nosas  
36 propostas políticas.  
37 • Combater o avance das agresións e os discursos lgbtfóbicos, especialmente  
38 tránsfobos, o impacto da xeneralización da intoxicación e desinformación  
39 mediática e a permeabilidade que poida ter nos espazos nos cales participa a nosa  
40 militancia. Para iso, ademais de continuar a traballar cos colectivos sociais e no  
41 impulso de propostas políticas, intensificaremos tanto a formación interna como a  
42 difusión e socialización das nosas posicións políticas de inequívoca defensa dos  
43 dereitos e liberdades das persoas LGBT.